



Facultade de Humanidades

Traballo de
fin de grao

Programa de difusión do Arquivo Provincial da Deputación de Lugo

Autor: Froilán Pedro Luaces Canto

Titor: Gonzalo Francisco Fernández Suárez

Xuño 2025

Resumo

O presente proxecto consiste na elaboración dun programa institucional de difusión para o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo (ADPL). O obxectivo a cumprir é dobre: por unha banda, búscase transformar a percepción social estereotipada dos arquivos como espazos alleos e complexos, por outra, trátase de dar resposta ás actuais esixencias en materia de difusión arquivística, tal como se contempla en diferentes marcos normativos. No galego, en particular, figura na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, que subliña a difusión como unha das funcións públicas fundamentais dos arquivos.

O programa estrutúrase en diversas accións estratéxicas agrupadas en catro grandes áreas de actuación: o desenvolvemento dunha páxina web propia cunha arquitectura de información clara e funcionalidades avanzadas, a presenza activa e regular do Arquivo nas redes sociais para promover unha comunicación próxima e interactiva coa cidadanía, a organización habitual de exposicións, obradoiros, visitas guiadas e outras actividades culturais de carácter presencial e virtual, e a implementación dunha estratexia sostible e rigorosa de dixitalización documental que forneza o conxunto das accións de difusión.

A metodoloxía proposta no traballo baséase na revisión documental e normativa, na análise comparada de experiencias semellantes noutras institucións e no deseño dunha estratexia comunicativa coidadosa e adaptada ás características específicas do ADPL e ao contexto cultural e institucional galego. Ademais, propónse un modelo integrado e continuo de avaliación e seguimento, que permita medir e mellorar as distintas accións e actividades desenvolvidas, garantindo a súa pertinencia e eficacia na práctica arquivística.

Palabras clave: difusión arquivística, Arquivo Deputación Provincial de Lugo, patrimonio documental, comunicación institucional, dixitalización documental.

Abstract

This project consists of the development of an institutional dissemination program for the Provincial Archive of Lugo (ADPL). It pursues a dual objective: on the one hand, it seeks to transform the stereotypical social perception of archives as distant and complex spaces; on the other, it aims to respond to current demands in the field of archival outreach, as established by various legal frameworks. In Galicia, in particular, this is addressed by Law 7/2014 on Archives and Documents of Galicia, which highlights dissemination as one of the core public functions of archives.

The program is structured around several strategic actions grouped into four main areas: the development of a dedicated website with a clear information architecture and advanced functionalities; the archive's active and regular presence on social media to promote close and interactive communication with the public; the regular organization of exhibitions, workshops, guided tours, and other cultural activities in both physical and virtual formats; and the implementation of a sustainable and rigorous digitization strategy to support all dissemination efforts.

The methodology proposed in this work is based on a review of documentary and regulatory sources, a comparative analysis of similar initiatives in other institutions, and the design of a careful communication strategy tailored to the specific characteristics of the ADPL and the Galician cultural and institutional context. Furthermore, it proposes an integrated and ongoing evaluation and monitoring model to measure and improve the different actions and activities carried out, ensuring their relevance and effectiveness in archival practice.

Keywords: archival dissemination, Provincial Archive of Lugo, documentary heritage, institutional communication, document digitization.

Resumen

El presente proyecto consiste en la elaboración de un programa institucional de difusión para el Archivo de la Diputación Provincial de Lugo (ADPL). El objetivo que se persigue es doble: por un lado, se pretende transformar la percepción social estereotipada de los archivos como espacios ajenos y complejos; por otro, se trata de dar respuesta a las actuales exigencias en materia de difusión archivística, tal como se contempla en diferentes marcos normativos. En Galicia, en particular, aparece recogido en la Ley 7/2014, de archivos y documentos de Galicia, que subraya la difusión como una de las funciones públicas fundamentales de los archivos.

El programa se estructura en diversas acciones estratégicas agrupadas en cuatro grandes áreas de actuación: el desarrollo de una página web propia con una arquitectura de la información clara y funcionalidades avanzadas; la presencia activa y regular del Archivo en las redes sociales para promover una comunicación cercana e interactiva con la ciudadanía; la organización habitual de exposiciones, talleres, visitas guiadas y otras actividades culturales de carácter presencial y virtual; y la implementación de una estrategia sostenible y rigurosa de digitalización documental que nutra el conjunto de las acciones de difusión.

La metodología propuesta en el trabajo se basa en la revisión documental y normativa, en el análisis comparado de experiencias similares en otras instituciones y en el diseño de una estrategia comunicativa cuidada y adaptada a las características específicas del ADPL y al contexto cultural e institucional gallego. Además, se propone un modelo integrado y continuo de evaluación y seguimiento, que permita medir y mejorar las distintas acciones y actividades desarrolladas, garantizando su pertinencia y eficacia en la práctica archivística.

Palabras clave: difusión archivística, Archivo Diputación Provincial de Lugo, patrimonio documental, comunicación institucional, digitalización documental.

Índice

Resumo	2
Abstract	3
Resumen	4
1. Introducción	7
1.1. Definición da difusión arquivística	7
1.2. A importancia da difusión no contexto arquivístico galego	9
2. Obxectivos e metodoloxía	11
2.1. Obxectivos	11
2.2. Metodoloxía	13
3. Estratexia de difusión	16
3.1. A páxina web do Arquivo Provincial da Deputación de Lugo	17
3.1.1. Estrutura e contidos da web	17
3.1.2. Fondos e descrición documental en liña	20
3.1.3. Blog e noticias sobre as actividades culturais do Arquivo	21
3.2. Redes Sociais	22
3.2.1. Publicacións regulares sobre fondos destacados nas redes sociais	25
3.2.2. Campañas temáticas e difusión de eventos e actividades do Arquivo	26
3.3. Exposicións físicas e virtuais	27
3.3.1. Exposicións físicas permanentes e temporais sobre fondos específicos	28
3.3.2. Exposicións virtuais en liña	31
3.4. Material promocional	32
3.4.1. Elaboración de trípticos informativos sobre o Arquivo	33
3.4.2. Creación de calendarios e axendas con imaxes do fondo	34
4. Actividades de difusión	35
4.1. Visitas especiais para escolas e institucións educativas	35
4.2. Programación de visitas para o público en xeral	36
4.3. Obradoiros, coloquios e conferencias	37

5. Proxectos de dixitalización	38
5.1. Estratexia de dixitalización	39
5.2. O proceso de dixitalización.....	40
5.3. Dixitalizando o ADPL.....	41
6. Proxección externa e relación institucional	44
6.1. Colaboracións institucionais e alianzas culturais	44
6.2. Estratexias de captación e fidelización de usuarios	45
6.3. Relación cos medios de comunicación e campañas informativas.....	46
7. Avaliación e seguimento	47
7.1. Indicadores e ferramentas de avaliación.....	48
7.2. Revisión anual do programa e mellora continua.....	52
8. Conclusión	52
9. Bibliografía	56
Anexo.....	59

1. Introducción

1.1. Definición da difusión arquivística

Xa plenamente entrados no século XXI, a pegada das novas tecnoloxías é un feito evidente que abrangue practicamente todos os ámbitos do coñecemento e da actividade humana. A arquivística non fica allea a esta nova realidade, ben ao contrario, enfróntase a unha transformación radical que pon en cuestión os vellos esquemas sobre o seu rol e funcionamento.

A arquivística adoita ser percibida como unha disciplina á que os cambios nos diferentes ámbitos da sociedade e, sobre todo, no tecnolóxico, adoitan chegar cun certo atraso. Porén, o contexto actual, marcado polas TIC e polos novos usos e formatos que se están a empregar na xeración, acceso e consulta dos documentos, esixe reformular un novo enfoque do papel que deben cumprir os arquivos como institución.

Por outra banda, a invisibilidade persistente dos arquivos como centros de cultura viva e fontes de información mantense fundamente arraigada no imaxinario colectivo. Pensados, a miúdo, como lugares que resultan alleos, complexos de comprender e, por riba, saturados de papeis, fican á marxe da vida cotiá de moita xente, que só se ve obrigada a tratar con eles cando lle é preciso por mor dalgunha cuestión, xeralmente persoal ou administrativa. Se ben nos últimos anos a tipoloxía dos usuarios habituais dos arquivos está a mudar cara a unha maior variedade, un gran número de persoas aínda descoñece moitas das funcións que os arquivos desenvolven e as posibilidades que estes lles poden ofrecer en múltiples ámbitos. Esta percepción social tamén foi alimentada historicamente pola falta de visibilidade pública dos arquivos, tradicionalmente asociados a espazos pechados e pouco comprensibles para o cidadán común (Medina Morales, 2015).

Neste contexto, unha solución que atalla ao mesmo tempo a integración das TIC na práctica arquivística e a transformación da imaxe social dos arquivos é a difusión. Esta é definida segundo o *Grupo de Trabajo para la Dinamización Cultural de los Archivos-ALA* como unha dimensión estratéxica da función social dos arquivos, integrada nun novo modelo que inclúe accións planificadas para mellorar a identidade institucional e a imaxe pública, así como incrementar a conexión co público a través de actividades de dinamización cultural, comunicativas e de participación social (Alberch, 2023). Ditas accións permiten que os arquivos sexan recoñecidos como instancias de produción e distribución de coñecemento socialmente útil e non só como institucións de custodia e administración documental. Atendendo a esta

definición, reformúlase a imaxe social dos arquivos, que pasan de ser percibidos como espazos opacos e especializados a integrarse na vida cultural das comunidades onde se insiren.

Se nos achegamos a unha definición máis xenérica e formal, pódese definir a difusión arquivística como aquel conxunto de accións desenvolvidas por un arquivo para visibilizar, promover e facilitar o acceso aos seus fondos documentais, así como fomentar a súa valoración e uso por parte da sociedade (*Diccionario de Terminología Archivística* (1995), citado en Novoa Huamán, 2020). Trátase, pois, dunha función fundamental da arquivística actual, que, alén de conservar e xestionar a documentación, tratará de establecer un forte vínculo entre o patrimonio documental e o conxunto da cidadanía, ao quedar presente no espazo público e integrado nos distintos procesos que se dan no seo da sociedade, e en especial nos culturais e educativos.

Cómpre subliñar tamén que a difusión arquivística non fica limitada a accións ocasionais ou á mera promoción dos fondos nun marco restrinxido. Pola contra, este conxunto de accións abarca un abano de estratexias e recursos variados, que van desde as máis clásicas exposicións documentais ata o uso intensivo de distintas tecnoloxías dixitais, como as redes sociais para a difusión e visibilización de certos tipos de contidos, a posta en marcha de proxectos de dixitalización totais ou parciais, o desenvolvemento dunha web dinámica e responsiva ou a creación de produtos multimedia de temáticas relacionadas coa arquivística ou a cultura. Neste sentido, é preciso sinalar que a propia definición de difusión arquivística se atopa en constante expansión e evolución, ao incorporar nela as diferentes perspectivas e tendencias que van xurdindo desde outros ámbitos, como no caso da aplicación das estratexias de márketing no eido cultural ou o novo modelo de comunicación institucional, que se está a empregar xa en moitas institucións e que resulta, nas súas formas, moito máis próximo ao cidadán.

Ademais, no contexto social actual, onde actúan, entre outros, factores como a diversidade cultural ou as desigualdades en canto ao acceso á información, debemos entender e empregar a difusión como unha ferramenta que permite fomentar a inclusión social, e tamén propiciar o seu recoñecemento e a incorporación ao escenario público das distintas identidades e voces que, moitas veces, fican sen ser escoitadas. Mudando o presente paradigma ao respecto destas problemáticas e, ademais, en concordancia con outras accións públicas neste senso, pódese pasar de falar sobre as comunidades para falar con elas (Arias Beltrán, 2015). Deste xeito, escoitarase aos distintos grupos e colectivos da sociedade, satisfacendo as súas necesidades concretas de información e tamén facendo visibles, ao mesmo tempo, as súas propias pegadas documentais na memoria colectiva que se vai construíndo por todos a diario.

Polo que respecta ás desigualdades no acceso á información, resulta evidente que as campañas de difusión arquivística servirán, ou polo menos axudarán, a corrixir e mitigar estes

desequilibrios, favorecendo unha maior inclusión de todos os grupos e colectivos que se atopen nunha situación de vulnerabilidade, ao ter a posibilidade de ser alcanzados polas accións que desde os arquivos se fagan, e podendo, en consecuencia, tomar consciencia das oportunidades que estes lles poden ofrecer para as súas necesidades.

Atendendo a este contexto, o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo (ADPL) pode actuar como un axente cultural activo e de gran valor para o ámbito arquivístico e cultural lucense. Alén dos importantes fondos que custodia, o ADPL experimentou nos últimos anos unha profunda transformación no seu funcionamento interno. Os procesos de dixitalización documental modificaron a maneira de prestar servizo no eido administrativo, tanto internamente como na relación cos usuarios. Iniciouse tamén unha liña de traballo divulgativa e de mellora do acceso a través da páxina web corporativa da Deputación Provincial de Lugo, así como colaboracións con outras institucións culturais galegas, como é o caso da Biblioteca de Galicia.

Aproveitando estes avances e as novas dinámicas expostas, resulta comprensible satisfacer a necesidade de poñer en marcha un programa de difusión arquivística que consolide este impulso e complete a función social do Arquivo mediante a proxección pública do seu patrimonio documental.

1.2. A importancia da difusión no contexto arquivístico galego

A singularidade do patrimonio documental galego, vencellado á historia local, ás diversas institucións propias que tivo Galicia ao longo do tempo e á transmisión mesma da lingua galega, xunto coa necesidade de dalo a coñecer e difundilo entre a cidadanía, constitúe o argumento principal que debe servir aos arquivos desta Comunidade Autónoma para desenvolver políticas e estratexias de difusión cultural dos seus fondos documentais (Alberch, 2023). Neste sentido, a incorporación da difusión ao conxunto de funcións dos arquivos contribuirá, máis alá das tarefas clásicas de conservación e preservación documental, a activar o patrimonio documental custodiado e gañar unha nova dimensión pública na que poidan traballar os arquivos galegos.

Por outra banda, e no eido institucional, Galicia conta cunha estrutura arquivística propia e ben consolidada grazas ao Sistema de Arquivos de Galicia. Neste sistema fican integrados os arquivos históricos, provinciais, centrais, municipais e os das deputacións, o que vai permitir un certo grao de colaboración institucional e apoio mutuo, especialmente no ámbito que nos ocupa: a difusión documental.

Actualmente, a necesidade de establecer accións de difusión nos arquivos atópase xa sustentada por un marco legal sólido, tal como o expresa a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de

arquivos e documentos de Galicia, que recoñece expresamente a difusión como unha das funcións públicas dos arquivos, en pé de igualdade coa conservación, a organización e o servizo aos cidadáns. De feito, xa no primeiro artigo se sinala que *“É obxecto da presente lei a regulación da protección, conservación e difusión do patrimonio documental de interese para Galicia, así como da organización, funcionamento, acceso e difusión do contido dos arquivos de interese para Galicia”*.

Afondando nesta lei, tamén atoparemos que *“Os arquivos públicos de carácter histórico deben desenvolver accións de divulgación e de formación cidadá en relación cos fondos documentais que custodien”, e tamén que deben “promover o desenvolvemento local mediante a colaboración cos centros educativos e asociacións culturais na divulgación do patrimonio documental”* (artigos 17.1d e 17.1.e).

Como podemos observar, o marco normativo que ampara a difusión dos fondos está consolidado. Porén, a súa aplicación pode resultar desigual segundo o tipo de arquivo de que se trate, ao entrar en xogo múltiples factores condicionantes, como o orzamento dispoñible, o número e a capacitación do persoal, o grao de implementación das TIC e a vontade política, entre outros (Medina Morales, 2015). A presenza destes factores obriga a formular estratexias de difusión adaptadas a cada contexto arquivístico e tendo en conta, ademais, criterios de sustentabilidade e eficiencia que permitan superar esas problemáticas e, ao mesmo tempo, rachar cos estereotipos e percepcións negativas que aínda persisten sobre os arquivos.

Na actualidade, atópanse en marcha diversas campañas e accións de difusión arquivística desenvolvidas por arquivos galegos, como é o caso do arquivo dixital de Galicia Galiciana, ou a páxina web do Arquivo do Reino de Galicia, onde se localiza unha sección propia dedicada á difusión dos seus fondos. Isto significa que se están a desenvolver iniciativas nesta liña por parte de institucións de gran relevancia cultural. Nesa mesma dirección tamén deben avanzar outros tipos de arquivos, como é o caso do ADPL, que precisa converterse nun elemento estruturante máis das políticas públicas destinadas a favorecer e impulsar a memoria colectiva e fornecer a cohesión social e a identidade cultural propia. Ditas políticas deben axudar a promover activamente un desenvolvemento axeitado que permita aos arquivos achegarse á cidadanía, facendo efectivos os seus dereitos recoñecidos polas diversas lexislacións en materia de acceso á documentación e á cultura, e recoñecendo o patrimonio documental como un ben común da sociedade galega.

2. Obxectivos e metodoloxía

2.1. Obxectivos

O obxectivo principal deste programa será definir e activar un conxunto ben artellado e coherente de accións de difusión arquivística e cultural, cuxa finalidade será poñer en valor o patrimonio documental custodiado no Arquivo da Deputación Provincial de Lugo. Así mesmo, preténdese recoñecer e dar visibilidade ao traballo realizado polo persoal e polo propio Arquivo como institución, coa finalidade de transformar a imaxe social estereotipada anteriormente sinalada e presentar os novos xeitos de traballar que se veñen desenvolvendo no eido da arquivística nos últimos tempos. A consecución destes propósitos articularase mediante os seguintes obxectivos:

1. Difundir, visibilizar e poñer en valor o patrimonio documental custodiado no ADPL:
 - Promover e dar a coñecer de forma activa a riqueza histórica, social e cultural dos fondos conservados no Arquivo.
 - Difundir o coñecemento dos fondos documentais entre a cidadanía, os investigadores, os estudantes, os docentes e outros colectivos.
 - Facilitar o acceso á propia Administración (local, autonómica, estatal e europea).
 - Promover o coñecemento da historia e da identidade local, achegando os documentos á sociedade a través de propostas que faciliten a súa interpretación e comprensión.
 - Divulgar a historia da Deputación Provincial de Lugo e da provincia a través dos documentos, para poder conectar acontecementos históricos coa realidade actual, axudando a cidadanía a comprender como o seu pasado inflúe no seu presente.
2. Posibilitar a accesibilidade universal e igualitaria aos fondos documentais do ADPL:
 - Garantir o acceso á información pública, impulsando a transparencia administrativa e a rendición de contas, tal como sinalan as distintas normativas ao respecto.
 - Eliminar barreiras físicas, técnicas, económicas e lingüísticas para que todas as persoas poidan gozar da información dunha forma xusta e igualitaria.
 - Implementar ferramentas e canles de acceso variadas, con especial énfase na dixitalización documental e na creación e desenvolvemento de contornos dixitais intuitivos e accesibles.

3. Potenciar a difusión en liña e o uso das TIC como eixe estratéxico transversal:
 - Desenvolver contidos e formatos específicos pensados para a difusión dixital, aproveitando todas as posibilidades que ofrecen as TIC para ampliar a presenza do ADPL nas contornas dixitais.
 - Mudar a páxina web institucional para acadar un novo espazo máis dinámico e cunha maior interactividade. Este novo espazo terá a función de servir como plataforma central comunicativa onde a cidadanía poderá coñecer os recursos aos que pode acceder no ADPL.
 - A través dunha coidadosa planificación estratéxica de contidos, incorporar as redes sociais como unha das canles habituais de relación e comunicación cos usuarios, que permita aumentar o alcance e a participación, ampliar os públicos destinatarios e a diversificación de formatos.
4. Visibilizar e subliñar o papel do Arquivo como axente cultural e de servizo público:
 - Dar a coñecer a función do Arquivo como unidade elemental na xestión administrativa, garante de dereitos e preservador da memoria institucional.
 - Impulsar a colaboración institucional con outros organismos do eido cultural para amplificar o alcance das accións de difusión.
 - Organizar eventos culturais como exposicións físicas e virtuais, promover a elaboración de publicacións, conferencias e outras actividades.
5. Fomentar a investigación e a educación mediante o patrimonio documental:
 - Transformar o Arquivo nun recurso didáctico e pedagóxico ao servizo da educación, proporcionando materiais e actividades aos centros educativos para que os máis novos se inicien no traballo con fontes de información primarias.
 - Apoio e promoción da investigación académica e doutras disciplinas a través dos fondos custodiados.
 - Desenvolver e acoller diversas accións e programas formativos e culturais como obradoiros, talleres, visitas guiadas, exposicións e outros.
6. Impulsar e reforzar a función social do Arquivo e a participación cidadá:
 - Crear espazos de encontro onde se involucre activamente a comunidade e fomentar a participación e o diálogo entre o Arquivo e a sociedade.
 - Fortalecer o vínculo emocional entre a cidadanía e o patrimonio documental, salientando o seu valor e necesidade de conservación.
 - Construción dun sentimento de pertenza e corresponsabilidade na valorización e protección da memoria colectiva.

7. Aumentar e diversificar os públicos destinatarios:
 - Caracterización de perfís para identificar as necesidades e intereses particulares dos usuarios.
 - Desenvolver accións de difusión específicas e adaptadas segundo as distintas tipoloxías de usuarios dos arquivos.
8. Adaptar as accións de difusión ao contexto arquivístico galego:
 - Aliñar o proxecto coas políticas de en materia de difusión do Sistema de Arquivos de Galicia e co disposto na Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia.
 - Promover activamente o uso da lingua galega como vehículo principal nas diferentes accións comunicativas e de difusión arquivística.

2.2. Metodoloxía

Para a elaboración deste proxecto de difusión do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo aplicouse unha metodoloxía baseada nunha análise e interpretación de diferentes fontes documentais, co obxectivo de obter unha base ben fundamentada que sirva como punto de partida para elaborar unha proposta de difusión tan completa como sexa posible e axustada ao marco normativo vixente, ás funcións e capacidades do Arquivo, e ás necesidades actuais que se deben cubrir en materia de sustentabilidade e participación cidadá. Polo tanto, realizouse unha revisión normativa e bibliográfica, acompañada dun estudo do contexto institucional, co fin de desenvolver unha proposta estratéxica de actuación. A finalidade principal foi garantir que as accións propostas respondan dunha forma coherente aos obxectivos definidos no punto 2.1, ao tempo que se axusten á realidade funcional e aos medios dispoñibles que posúe o Arquivo e a Deputación Provincial de Lugo.

Nunha primeira fase, procedeuse á revisión do marco normativo vixente en materia de arquivos e de acceso á información, cunha atención especial á Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que, tal como sinalamos anteriormente, recoñece a difusión como unha función pública esencial dos arquivos (art. 3) e como un dos principios rectores do Sistema de Arquivos de Galicia, xunto coa transparencia, a cooperación e a accesibilidade (art. 5). Esta base legal serviu para delimitar os límites do proxecto e fundamentar o seu carácter e orientación institucional.

Paralelamente, realizouse unha análise comparada de experiencias de dinamización cultural e difusión en arquivos provinciais, municipais e históricos, tomando como referencia varios estudos e artigos profesionais. Entre eles destaca a experiencia do Archivo Municipal de Palma del Río, onde se sinala que *“es imprescindible que la administración competente se decida*

a otorgar una serie de medios a los Archivos para que puedan desempeñar su papel de dinamizadores culturales”, en referencia á necesidade de contar cun orzamento que sexa estable no tempo, un persoal especializado e con acceso a unha capacitación continua e, ademais, que dispoña dunhas infraestruturas adecuadas (Medina Morales, 2015, p. 40). Esta perspectiva reforzouse coa análise do caso do Archivo Municipal de Moguer, onde se propón unha metodoloxía baseada na planificación estratéxica, en criterios de continuidade e o coñecemento do mundo multimedia como ferramentas ao servizo da difusión (Ropero-Regidor, 2018).

Así mesmo, analizáronse reflexións metodolóxicas procedentes de contextos latinoamericanos, como as do traballo de Novoa Huamán (2020), onde se destaca a importancia de entender a difusión na rede, xa que *“Internet tiene una gran importancia en el proceso de comunicar e informar, ya que facilita la transmisión de contenido de forma instantánea, permite a los usuarios acceder, comparar y contrastar información de diversas fuentes y gracias a la interacción que permite, propicia el desarrollo de la opinión pública”*, e se propón unha análise da presenza institucional dos arquivos en internet como parte da súa metodoloxía de visibilización (Novoa Huamán, 2020, p. 8). Nun contexto diferente, mais igualmente vencellado á función social dos arquivos, Arias Beltrán (2015) defende a necesidade de integrar a perspectiva dos dereitos humanos e da inclusión social na práctica arquivística, establecendo vínculos metodolóxicos entre a dinamización cultural e a transformación do rol dos arquivos en contextos de vulnerabilidade.

Tamén se tiveron en conta os aspectos metodolóxicos relativos á planificación e execución de exposicións documentais e visitas guiadas, dúas das accións máis recorrentes na práctica da difusión arquivística. Estas actividades requiren dunha programación previa e detallada que inclúa a definición de obxectivos, a selección dos fondos, o deseño do discurso expositivo, a planificación do público destinatario e a preparación de materiais didácticos complementarios. Tal como se recolle na obra *Archivos y cultura: manual de dinamización*, e en particular no capítulo *‘La organización de exposiciones’*, de Vela Palomares (2001), o éxito destas iniciativas depende en gran medida da integración da exposición nunha estratexia máis ampla de comunicación e acción cultural, na que o arquivo vai actuar como mediador entre o documento e a sociedade. Así mesmo, segundo recollen Novoa Huamán (2020), Camús (2013) e María del Olmo (2019), a metodoloxía das visitas guiadas debe contemplar tanto o contido como a posta en escena, adaptándose ao perfil dos visitantes e propoñendo dinámicas que favorezan o diálogo co arquivo como institución viva e accesible. Deste modo, a metodoloxía do presente proxecto incorpora tamén a planificación técnica e pedagóxica destas actividades como parte da súa estrutura de funcionamento e do seu compromiso coa función social dos arquivos.

Por outra banda, dentro deste marco metodolóxico, cómpre realizar unha análise do papel estratéxico da dixitalización documental. Esta enténdese como unha ferramenta transversal na difusión arquivística, xa que o seu impacto e os seus resultados contribúen á creación de contidos e materiais que alimentan e complementan outras accións de difusión. Polo tanto, a dixitalización non se reduce só a unha técnica de reprodución, senón que se converte nunha vía de acceso directo á documentación que, ademais, incrementa sensiblemente a visibilidade do patrimonio documental en diferentes contextos, sendo especialmente útil para chegar a novos públicos e facilitar o acceso remoto aos fondos documentais. Tal como se recolle nas actas das *3ª Jornadas Archivando, la difusión de los archivos* (2010), a reprodución dixital fai posible que a información viaxe rapidamente en forma testemuñal, o que posibilita a súa utilidade comunicativa para difundir contidos. Agora ben, para que esta función resulte eficaz, é necesario que este proceso sexa sempre rigoroso e normalizado, cunha correcta indexación dos obxectos dixitalizados e sempre baixo un control preciso en termos de calidade descritiva. Neste sentido, a metodoloxía deste proxecto contempla a dixitalización como unha liña integrada no plan global de difusión, cuxo impacto dependerá da súa boa planificación técnica previa, da coherencia co sistema de descrición arquivística normativizado (ISAD(G), ISAAR(CPF) e EAD) e da súa axeitada integración nos distintos contornos dixitais nos que se vaia traballar.

No relativo á estratexia de comunicación e promoción, a metodoloxía do programa baséase na idea de que a difusión arquivística require, como noutros campos, dunha planificación comunicativa ben estruturada e definida e onde os obxectivos perseguidos resulten claros. Tamén resulta necesaria a adopción dun novo modelo de traballo que vaia neste sentido. Tal como explican no *Grupo de Trabajo para la Dinamización Cultural de los Archivos-ALA*, esta proposta non debe desenvolverse a través de accións puntuais, se non traballando dun xeito completo onde se integre a identidade institucional, a modernización dos servizos e dos programas culturais ofertados, así como tamén mediante o artellamento de políticas de comunicación que resulten eficaces para proxectar, cara á sociedade, a función social dos arquivos (Alberch et al., 2023). A materialización desta visión lévase a cabo mediante un deseño coidadoso dos programas e actividades culturais que se prevexa facer, e cuxa planificación debe ter en consideración diversos factores, como o perfil do público ao que se dirixen ou os recursos dispoñibles cos que se pode contar. Todo isto, desde unha perspectiva onde queden ben delimitados os obxectivos que se perseguen para, deste xeito, poder asegurar a súa pertinencia e unha comunicación eficaz coa sociedade (Novoa Huamán, 2020).

Finalmente, é preciso deseñar un sistema de avaliación e seguimento continuo das accións de difusión realizadas ao longo do ano. Dita avaliación (continua, pero cunha revisión

anual) permitirá comprobar a eficacia das actividades realizadas e melloralas progresivamente, podendo, por conseguinte, adaptar os contidos ao distinto público ao que se dirixe e fundamentar a futura toma de decisións para os seguintes deseños ou campañas de actividades. Tal como sinala Boadas i Raset (2001) no documento *Los Archivos: Estrategias de dinamización*, unha das eivas recorrentes na práctica da acción cultural é a falta de mecanismos obxectivos para avaliar o impacto e o grao de aceptación das actividades, o que dificulta coñecer o alcance real das metas marcadas. Por iso, recoméndase incorporar sistemas de avaliación que inclúan tanto a medición cuantitativa (número de participantes, visitas, interaccións dixitais, entre outros) como cualitativa (satisfacción, percepción social, utilidade percibida, entre outros), así como procedementos de autoavaliación por parte dos responsables do proxecto. A integración destes criterios de seguimento permitirá facer os axustes necesarios e corrixir posibles erros, o que vai resultar nunha mellora continua do arquivo como servizo público transparente.

En liñas xerais, e a partir da consulta e análise das distintas metodoloxías presentes nos traballos e fontes consultadas, así como do estudo do caso específico que nos ocupa, preséntase a seguinte proposta metodolóxica de base para o deseño do proxecto:

- Revisión normativa e documental
- Estudo de boas prácticas
- Identificación de perfís de públicos/usuarios
- Análise da situación previa (punto de partida)
- Estrutura e medios actuais do ADPL
- Deseño de accións vinculadas aos obxectivos do proxecto
- Integración das TIC como ferramenta transversal
- Formulación de propostas sostibles e adaptables ao marco institucional galego

A aplicación destes criterios metodolóxicos permitirá que o programa estea axustado á realidade do ADPL, ao tempo que poida servir tamén de referencia para outros arquivos interesados en desenvolver programas de difusión do seu patrimonio documental.

3. Estratexia de difusión

Tal como se sinalou nos puntos anteriores, a planificación da estratexia de difusión e das diferentes accións que a comprenden constitúen o núcleo fundamental do programa. Na súa correcta implementación e desenvolvemento estará o éxito e a consecución plena dos obxectivos propostos. A planificación debe responder sempre a unha formulación o máis precisa posible que permita a súa boa execución para alcanzar os fins establecidos. Coa definición previa das liñas de actuación e dos criterios que as orientan, poderase organizar de maneira

fundamentada as accións previstas, asegurando a súa viabilidade no momento da implementación. Ao mesmo tempo, permitirá establecer claramente de que modo se materializarán ditas accións a través dun conxunto de actuacións ben definidas, argumentadas, concretas e orientadas á posta en valor do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo e ao reforzo da súa proxección pública.

3.1. A páxina web do Arquivo Provincial da Deputación de Lugo

3.1.1. Estrutura e contidos da web

Na actualidade, o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo (ADPL) conta cun espazo web básico inserido dentro da páxina xeral da Deputación, polo que, para chegar ata a sección do Arquivo, é preciso navegar por un menú de opcións. Neste espazo, o Arquivo ofrece unha serie de servizos básicos e algún máis xa relacionado coa propia difusión arquivística, pero de moi pouco alcance. O problema radica en que esta web non ten a capacidade para desenvolver todo o potencial que, a día de hoxe, se pode acadar no eido da difusión. A web da Deputación, no seu conxunto, está orientada a proporcionar un servizo de comunicación institucional e de acceso á administración electrónica, pero resulta excesivamente ríxida e ten un deseño que non é o máis axeitado para os propósitos que se buscan. Polo tanto, esta disposición supón unha presenza institucional mínima e pouco visible para o ADPL, o cal é, a todas luces, insuficiente para responder ás necesidades actuais que se precisan para desenvolver un programa funcional de difusión arquivística. Carece, ademais, dunha identidade visual propia e atractiva, así como dun deseño que permita integrar contidos máis dinámicos ou mesmo servizos electrónicos avanzados.

Por estas razóns, neste programa propónse a creación dunha páxina web propia do ADPL, cunha identidade corporativa diferenciada pero sen romper coa da Deputación. En canto ao dominio, deberíase rexistrar un dominio específico propio para o Arquivo, como, por exemplo, www.arquivedeputacionlugo.gal ou arquivo.deputacionlugo.gal, para que sexa posible acceder directamente desde o navegador á nova páxina do ADPL. Ao mesmo tempo, como servizo público pertencente á Deputación, manteríase a actual ruta de acceso ao Arquivo polo que, ao acceder a través da páxina da Deputación e entrar na sección do Arquivo, automaticamente o usuario sería redireccionado a nova páxina web do ADPL. Con esta nova disposición da web, o novo dominio funcionaría como un portal autónomo cunha estrutura e identidade visual propias e, ademais, coa capacidade de deseñar unha nova web feita a medida, que non dependería das limitacións antes sinaladas e que posuiría plena compatibilidade coas arquitecturas web máis

modernas adaptadas á Web 3.0 (World Wide Web Consortium, s.f.). Ademais, gañaríase un mellor posicionamento nos resultados das procuras en buscadores como Google, Bing e Yahoo¹.

En canto ao seu deseño, este responderá a criterios de usabilidade, accesibilidade universal (segundo as directrices WCAG 2.1 (World Wide Web Consortium, 2018), nivel AA), responsividade (adaptación a dispositivos móbiles) e navegabilidade intuitiva, e tería un estilo visual coidado e atractivo, mantendo o ton institucional, pero cunha nova tendencia cara a unha estética máis minimalista, onde a claridade funcional e a identidade visual faciliten o seu uso por parte dos usuarios. No primeiro punto do anexo atópase un exemplo dun posible deseño da web.

Na nova web, estará integrada a ferramenta de software libre de código aberto *AtoM (Access to Memory)* (Artefactual Systems, s.f.). Este programa xa se está a empregar actualmente no ADPL, pero non é accesible aos usuarios externos por Internet. *AtoM* permite organizar as descrições arquivísticas en función dos niveis recollidos no cadro de clasificación e segundo os estándares internacionais do CIA/ICA como a ISAD (G), ISAAR (CPF), ISDIAH e ISDF. Ademais, ofrece a posibilidade de publicar e consultar en liña os documentos dixitalizados dos fondos custodiados nos arquivos. O acceso a esta base de datos multifuncional estará integrada na propia páxina web do ADPL como unha parte máis da súa estrutura navegable, o que fará posible acadar unha continuidade e coherencia visual que non interfira coa funcionalidade do portal.

O obxectivo principal desta nova páxina oficial do ADPL será incrementar o acceso público á documentación, o cal se poderá facer a través de diferentes opcións. Ademais, permitirá a tramitación electrónica de peticións e outras solicitudes. Tamén cumprirá coa función de promover e difundir o patrimonio documental custodiado polo ADPL, sendo unha sorte de “escaparate do Arquivo”, onde os usuarios atoparán un espazo aberto e accesible con contidos pertinentes e actualizados que inviten ao seu uso.

A estrutura da web deberá organizar os contidos en grandes bloques temáticos onde figuren as principais funcións do Arquivo: a xestión e prestación de servizos ao público, a descrición e difusión dos fondos documentais, o apoio á administración na xestión documental e a divulgación cultural e educativa. Ademais, seguindo os criterios de accesibilidade, e atendendo ás esixencias da administración electrónica actual, a páxina contará con funcionalidades dixitais que permitan consultar instrumentos de descrición e o acceso á documentación dixitalizada. Entre os contidos do menú considerados prioritarios figuran:

¹ Os tres buscadores mundiais máis empregados á data da realización deste proxecto.

- Información institucional:
 - Historia do ADPL
 - Quen somos / Misión e funcións
 - Regulamento e marco normativo
 - Memoria de actividades
 - Estatísticas de consulta
 - Transparencia e datos abertos
 - Contacto e localización
- Servizos ao público:
 - Consulta en sala
 - Cita previa en liña
 - Reprografía
 - Préstamos interadministrativos
 - Asesoramento técnico en xestión documental
- Fondos e descrición documental:
 - Cadro de clasificación
 - Guía do ADPL
 - Instrumentos de descrición
 - Consulta en ATom (Access to Memory)
 - Documentos destacados / singulares
 - Documentos dixitalizados (por series ou por tipo)
 - Fondos gráficos e audiovisuais
- Solicitudes e trámites:
 - Solicitudes de reprodución e consulta
 - Solicitudes de visitas guiadas
 - Certificados de consulta
 - Propostas de mellora ou colaboración
 - Ligazón directa ao rexistro electrónico común da Deputación
- Difusión e actividades culturais:
 - Noticias e novidades (con opción de subscripción)
 - O Blog do Arquivo
 - Semana Internacional dos Arquivos
 - Documento do mes
 - Exposicións virtuais

- Sección educativa / arquivo escolar
- Ligazóns de interese

En canto á creación, xestión e mantemento da web, a súa elaboración e deseño será contratada a unha empresa externa especializada, segundo os mecanismos establecidos nas normas e procedementos propios da Deputación Provincial de Lugo e das administracións públicas para este tipo de contratos². Esta empresa será a responsable do desenvolvemento da infraestrutura web, da migración de contidos e datos, dos sistemas de seguridade e da integración cos sistemas xa existentes, como o devandito AtoM ou a propia sede electrónica. Porén, a creación e a xestión dos contidos e das actualizacións da páxina será competencia directa do persoal técnico do ADPL, que poderá, como é habitual, contar co apoio e asesoramento do Servizo de Novas Tecnoloxías. A través da supervisión do ADPL no relativo aos contidos publicados, poderase establecer un control arquivístico axeitado da calidade da información que se publique.

No referido á interacción e ás canles de contacto cos usuarios, o sitio web disporá de múltiples vías de comunicación co público, como:

- Formulario de contacto estándar
- Atención por correo electrónico
- Solicitudes en liña (con trazabilidade)
- Espazo para suxestións ou propostas (de mellora, novas actividades, entre outros).
- Integración coas redes sociais do Arquivo e da Deputación

Grazas a estas canles, obterase unha comunicación moito máis fluída e eficaz cos usuarios do Arquivo en particular e coa cidadanía en xeral. Asemade, poderán ser tamén empregados como instrumentos útiles para obter indicadores na recollida de datos para a avaliación futura das accións de difusión.

3.1.2. Fondos e descrición documental en liña

O novo apartado de fondos e descrición documental en liña permitirá aos usuarios da web consultar tanto os instrumentos de descrición como acceder aos documentos dixitalizados. Este acceso organizarase segundo o cadro de clasificación do Arquivo e permitirá explorar os fondos por series, subseries ou unidades documentais, ben a través dunha navegación xerárquica ou ben mediante filtros por institución produtora, cronoloxía ou tipoloxía

² De acordo co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

documental. Esta estrutura basearase nos estándares internacionais vixentes de descrición arquivística, como ISAD(G), ISAAR(CPF), ISDF ou ISDIAH, e empregarase como aplicación principal o software libre AtoM. A través deste sistema, os usuarios poderán realizar buscas simples ou avanzadas e navegar polos diferentes niveis de descrición dispoñibles.

Mediante a integración plena do sistema AtoM na estrutura da web poderanse consultar os rexistros descritivos e acceder directamente aos documentos que se atopen dixitalizados. Estes incorporaranse de forma progresiva segundo criterios arquivísticos, como son a súa relevancia histórica ou a demanda detectada na cidadanía en función da súa interese. A descrición e publicación de contidos seguirá un proceso controlado, no que se garantirán a calidade técnica das imaxes, a obrigatoria contextualización arquivística descritiva e o respecto ao cumprimento das posibles limitacións legais en materia de protección de datos e dereitos de reprodución, de ser o caso. En relación a este último punto, é importante especificar que o acceso estará limitado unicamente por razóns legais (LOPDGDD), dereitos de autor ou outras posibles restricións xurídicas, polo que se definirá unha política clara de publicación e reprodución a cal se poderá consultar na propia web do ADPL. Así mesmo, poderán establecerse diferentes niveis de visualización (previsualización, descarga ou consulta parcial) segundo a natureza e as características dos documentos.

3.1.3. Blog e noticias sobre as actividades culturais do Arquivo

Na nova web incluírase unha sección chamada *Difusión e actividades culturais* dentro do menú principal. Esta estará dedicada á publicación de noticias, novidades e actividades culturais que se estean a desenvolver no Arquivo. Haberá, ademais, outros apartados de interese dentro desta sección, como os dedicados ao *Semana Internacional dos Arquivos*, o *Documento do mes*, *Sección educativa/arquivo escolar* e ligazóns de interese. Nestes apartados incluíranse documentos destacados, relacionados con efemérides e tamén educativos, entre outros.

Esta sección de difusión e actividades culturais perseguirá un dobre propósito: por unha banda, manterá informada a cidadanía das accións que desenvolva o Arquivo, e por outra, reforzará a súa presenza pública e o seu papel como axente cultural activo na comunidade.

Tamén nesta sección está prevista a integración dun apartado tipo blog institucional, baixo o nome *O Blog do Arquivo*, no que figurarán contidos actualizados frecuentemente e cun ton editorial próximo e compatible cunha divulgación cultural aberta para todo o mundo. No blog poderanse inserir tanto entradas redactadas polo propio persoal do ADPL como colaboracións puntuais de persoas convidadas ou investigadores recoñecidos. Así mesmo, tamén estará aberto a outros perfís profesionais, como os axentes culturais da provincia ou do resto do

Estado. A linguaxe empregada deberá adaptarse, sempre que sexa posible, ao público xeral, evitando caer no uso de tecnicismos complexos. É importante salientar que os colaboradores disporán da liberdade expresiva necesaria para achegar puntos de vista diversos desde o respecto institucional. Ademais, os contidos estarán dispoñibles en galego e, opcionalmente, en castelán.

A continuación preséntase unha selección representativa dos posibles contidos que poderán formar parte deste espazo dixital, ilustrando a súa funcionalidade:

- Información sobre as actividades organizadas polo Arquivo ou nas que este participe activamente.
- Incorporación de novos fondos documentais no ADPL.
- Proxectos de restauracións e outras intervencións salientables.
- Participación do Arquivo en proxectos colaborativos ou eventos arquivísticos.
- Datas conmemorativas e efemérides históricas.
- Proxectos escolares, visitas especiais ou colaboracións con entidades educativas.
- Publicación destacada do “Documento do mes” e información sobre as exposicións temporais.
- Publicacións e artigos divulgativos sobre a historia local e galega desde unha perspectiva documental.

Para conseguir un bo seguimento e fidelizar o público, esta sección contará cun sistema de subscripción voluntaria (*newsletter*) a través do seu correo electrónico. Este permitirá aos usuarios recibir notificacións e resumos periódicos das distintas actividades, campañas e colaboracións que se leven a cabo, podendo así estar ao día das últimas novidades. Así mesmo, esta sección retroalimentarase cos perfís do ADPL nas redes sociais, co que se conseguirá aumentar o alcance das accións e reforzar a visibilidade dos contidos publicados.

3.2. Redes Sociais

A día de hoxe, o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo aínda non dispón de perfís propios nas redes sociais, factor que supón unha limitación moi importante na súa visibilidade nunha sociedade tan dependente das redes como a nosa. O alcance das accións e interacción co público tamén se verán comprometidos por esta carencia comunicativa, xa que, por exemplo, queda practicamente imposibilitada unha relación máis próxima e directa co público máis novo, que adoita empregar estas canles como espazos naturais para as súas expresións e relacións sociais. Tendo en conta a importancia que teñen hoxe en día as redes sociais como instrumentos comunicativos áxiles e directos co público, a presenza do ADPL nestas contornas resulta esencial

para artellar unha estratexia efectiva de difusión cultural, polo que este programa entende como prioritario a necesidade de ter conta propia nas redes.

A incorporación do ADPL ás redes sociais xustifícase pola súa utilidade contrastada no ámbito comunicativo cultural, especialmente como medio para reforzar o papel dos arquivos como institucións modernas e dinámicas, e que están integradas no contexto social do seu tempo. A través destas plataformas, o Arquivo poderá facer visible o seu traballo diario, divulgar o coñecemento e o valor do seu patrimonio documental, achegarse a novos públicos e fomentar a participación cidadá por estes medios. Ademais, a súa presenza nestes medios tamén reflicte principios como os de transparencia, accesibilidade e innovación que inspiran o conxunto do programa de difusión para o ADPL.

Unha boa presenza nas redes non consiste simplemente en facer nunha serie de publicacións respecto dun tema ou nun período determinado. Un factor determinante para unha xestión comunicativa eficiente nestes medios é acadar unha regularidade nas publicacións. Para isto, é moi recomendable elaborar un plan ou calendario editorial básico que permita planificar e organizar as accións comunicativas e axudar a levar ao día tanto o número de publicacións feitas, como as temáticas ou asuntos tratados. Tamén é moi útil empregar ferramentas de programación e análise estatística (como Meta Business Suite ou Hootsuite) para poder avaliar obxectivamente cal é o seu impacto real.

As redes sociais estarán plenamente integradas no resto do ecosistema dixital do Arquivo, con acceso directo desde a páxina web, en relación dinámica co blog (compartindo contidos comúns) e retroalimentándose coas distintas actividades presenciais realizadas. A súa utilización rexeráse por criterios de coherencia institucional, uso prioritario da lingua galega, estilo divulgativo e cumprimento estrito da normativa en materia de protección de datos. Este conxunto de accións converterá as redes nun instrumento central para consolidar a imaxe do ADPL como un Arquivo próximo, activo e en diálogo permanente coa sociedade. Como no caso da páxina web, a creación e xestión dos contidos correrá a cargo do persoal técnico do ADPL, e tamén contará co apoio tanto do Servizo de Comunicación da Deputación como do Servizo de Novas Tecnoloxías para aquelas cuestións de carácter técnico.

De xeito orientativo, preséntase unha tipoloxía de contidos que poderán ser difundidos a través das redes sociais:

- Promoción de fondos documentais ou documentos destacados.
- Celebración de efemérides e días sinalados (como o Semana Internacional dos Arquivos).
- Información sobre exposicións, visitas e obradoiros entre outros.
- Difusión de novas publicacións ou incorporacións relevantes ao fondo.

- Presentación de materiais dixitalizados, como poden ser imaxes, planos ou vídeos.
- Pequenas cápsulas divulgativas sobre a historia local ou institucional.

O que se desprende do exposto ata agora, é que as contas institucionais do ADPL nas redes sociais non se concibirán como espazos illados que operan de forma individual e asíncrona, senón que estarán inseridos nun sistema de comunicación cultural moito máis amplo e interrelacionado, e cunha forte dependencia dos materiais resultantes das accións e actividades que se desenvolvan noutras áreas do programa. Neste sentido, o Arquivo difundirá tamén contidos culturais procedentes doutros servizos da propia Deputación Provincial de Lugo, especialmente da Rede Museística Provincial e do Servizo de Cultura, cos que mantén unha relación natural de complementariedade e colaboración. Esta estratexia colaborativa e transversal das accións comunicativas e de difusión permitirá, por unha banda, construír unha imaxe institucional unitaria e coherente ante a cidadanía e, por outra, reforzar o posicionamento común das políticas culturais desenvolvidas pola institución provincial.

Do mesmo xeito, a través das redes sociais, o ADPL poderá colaborar con outras entidades, arquivos, museos, bibliotecas, asociacións e organismos culturais de Galicia, do resto do Estado e mesmo de ámbito europeo, compartindo contidos, sumándose a campañas colectivas, difundindo iniciativas comúns e participando en conversacións e redes profesionais. Esta nova dimensión colaborativa dixital ampliará considerablemente o alcance e repercusión das publicacións, situando ao ADPL nunha rede de intercambio e cooperación activa aliñada cos valores profesionais da práctica arquivística contemporánea.

Ante a pregunta lexítima que ás veces se formula desde certos ámbitos, principalmente institucionais, sobre a conveniencia ou non de que unha institución estea presente nesta contorna dixital, que ás veces se ve implicada en polémicas e controversias, coa conseguinte posibilidade de afectar a imaxe pública da institución, simplemente debe responderse que as redes sociais, ben empregadas, serán unha das mellores ferramentas para dar visibilidade ao papel do arquivo como un nodo e axente cultural verdadeiramente dinámico dentro do seu ámbito de actuación. Ademais, como se mencionou anteriormente, servirá tamén para proxectar unha imaxe moderna e innovadora, que se presenta accesible ante o público máis novo, mellorando a súa conexión coa institución a través de canles adaptadas aos seus hábitos de comunicación.

Polo tanto, a escolla das redes sociais nas que participar debe facerse mediante unha análise ponderada, considerando aspectos como a audiencia obxectivo, o tipo de contidos preferentes a publicar, a capacidade de interacción nas canles e o potencial comunicativo da institución. Polas razóns sinaladas, propónse a apertura e mantemento de perfís institucionais

do ADPL nas seguintes redes, consideradas as máis consolidadas, relevantes e útiles para a difusión cultural en 2025:

- Facebook: para compartir contidos de tamaño amplo, novas, fotografías e chamamentos a convocatorias. Ideal para publicacións textuais e públicos interxeracionais.
- Instagram: céntrase na forza da imaxe, moi útil para publicacións visuais sobre documentos, exposicións, efemérides ou curiosidades do fondo.
- LinkedIn: rede orientada ao público profesional e institucional, excelente para compartir artigos, proxectos colaborativos, publicacións do arquivo e para establecer e consolidar relacións con outras entidades culturais ou educativas.
- Threads: alternativa textual a X, con potencial para compartir un contido máis breve que noutros casos. Tamén ofrece ligazóns e actualizacións institucionais, especialmente en contornas próximas ao ecosistema Meta.
- Mastodon / Fediverse: opción descentralizada e ética dentro das redes federadas, axeitada para arquivos que desexen participar en comunidades profesionais abertas ou reforzar a súa presenza en contornos dixitais sostibles.
- X (antigo Twitter)³: para a difusión inmediata de novidades, eventos e interaccións institucionais rápidas.
- YouTube⁴: fundamentalmente como repositorio para vídeos de presentación de actividades, fondos, entrevistas, visitas gravadas ou cápsulas educativas.

A través destas canles, o Arquivo poderá obter unha presenza adaptada ás súas diferentes necesidades comunicativas nas redes, atendendo á gran diversidade dos públicos aos que se dirixe: cidadanía en xeral, comunidade educativa, investigadores, axentes culturais, mocidade e asociacións entre outros.

3.2.1. Publicacións regulares sobre fondos destacados nas redes sociais

Co obxectivo de potenciar o coñecemento do patrimonio documental e incentivar unha relación continua co público do Arquivo, desenvolverase un calendario sistemático e periódico de publicacións centrado na divulgación daqueles fondos documentais máis relevantes ou de

³ O emprego desta rede social debe valorarse en profundidade, pois actualmente está envolta en diversas polémicas. Figura neste proxecto porque aínda posúe unha gran cantidade de usuarios.

⁴ YouTube é unha plataforma de vídeo, pero tamén cumpre con funcións de rede social ao permitir a interacción dos usuarios mediante comentarios con *feedback*, subscricións, “likes” e comparticións, ademais de xerar un contido audiovisual que se comparte a través doutras redes sociais.

especial singularidade. Cada publicación estará orientada a captar a atención dunha ampla variedade de usuarios, polo que se terán en conta os seus posibles intereses documentais.

Para unha boa comprensión por parte do público, estas publicacións estarán acompañadas por unha breve contextualización histórica que permitirá comprender o seu significado e a relevancia que eses documentos teñen dentro do patrimonio documental provincial. Ademais, é importante que se inclúan algúns detalles anecdóticos ou curiosidades asociadas a cada peza, co obxectivo de achegalas ao público incrementando o seu atractivo. A linguaxe empregada, como noutros casos, será clara e nun ton próximo aos receptores, co fin de facilitar a comprensión e implicación emocional dos usuarios.

O ton comunicativo deberá adaptarse segundo a rede social empregada: nas plataformas de carácter máis institucional (como Facebook, LinkedIn, Mastodon /Fediverse) utilizarase unha linguaxe máis formal, mentres que noutras, como Instagram, X ou Threads, optarase por un estilo máis directo e divulgativo. Estas adaptacións da linguaxe son fundamentais para poder conectar dunha maneira moito máis efectiva cos diferentes tipos de públicos, ao transmitir eficazmente os contidos e as mensaxes do Arquivo en función de cada receptor.

En canto aos formatos empregados, estes serán variados e deberán adaptarse tamén ás distintas redes sociais seleccionadas. Incluirán, entre outros, imaxes en alta calidade (sempre que as condicións técnicas o permitan), pequenos vídeos explicativos, infografías ilustrativas e presentacións interactivas.

Para exemplificar o tipo de publicacións ás que nos estamos a referir, pódense consultar no segundo punto do anexo varios exemplos de posibles publicacións.

3.2.2. Campañas temáticas e difusión de eventos e actividades do Arquivo

Un punto fundamental da estratexia comunicativa en redes é o deseño de campañas específicas arredor de temas concretos como eventos históricos locais, aniversarios relevantes ou documentos de especial rareza e interese. Estas campañas poden artellarse arredor dunha serie de publicacións sucesivas e relacionadas que busquen xerar expectativas positivas e fomenten a participación cidadá a través de preguntas ou *quizzes*⁵, peticións de colaboración ou algún pequeno xogo. Deberán ter unha duración limitada no tempo, xeralmente entre unha semana e un mes como máximo, e utilizaranse especialmente en redes como Instagram e Facebook, aproveitando o potencial visual para xerar unha boa resposta e conexión co público.

⁵ Pequenas probas ou xogos interactivos que permiten comprobar coñecementos dun xeito divertido.

Para desenvolver correctamente estas campañas, debe realizarse unha pequena investigación previa que permita a selección daqueles documentos que sexan máis axeitados, como aqueles que sexan curiosos ou rechamantes, e que, ademais, estean relacionados coa temática escollida. Deste xeito, obterase unha narración cohesionada e atractiva, que incentive a interese e seguimento por parte do público. Ademais, tamén é preciso definir unha identidade visual propia para cada campaña, incluíndo elementos gráficos específicos (logos, paletas cromáticas, formatos gráficos innovadores, entre outros) adaptados ás redes sociais empregadas para tal fin.

Como exemplos temáticos para desenvolver nestas campañas poden escollerse:

- Historia local
- Historia galega
- Aniversarios e efemérides
- Documentos raros e curiosidades documentais
- Documentos relativos a temas de actualidade social

A difusión nas redes sociais das actividades organizadas polo Arquivo será fundamental para acadar unha ampla visibilidade e fomentar a participación social nas diversas propostas culturais, tanto presenciais como virtuais, que se fagan ao longo do ano. Ademais das actividades xa mencionadas, tamén sería moi importante difundir os contidos e os materiais xerados a partir destas actividades, como no caso dos obradoiros, os ciclos de charlas ou conferencias, os encontros dixitais e outros eventos, coa intención de destacar e poñer en valor as interaccións entre o público e o Arquivo.

Para acadar un bo alcance destas accións difusivas, realizaranse publicacións anticipadas con elementos visuais atractivos e actuais, que sirvan de recordatorios das datas das actividades. Así mesmo, aproveitaranse as ferramentas propias das redes sociais, como os *stories*, *reels*, publicacións fixadas e *hashtags* específicos para cada evento, mellorando así o posicionamento e a eficacia das mensaxes publicadas.

3.3. Exposicións físicas e virtuais

As exposicións constitúen unha das ferramentas máis directas e eficaces que se poden empregar para dar a coñecer o patrimonio documental custodiado polos arquivos. Estas requiren dunha planificación ben detallada onde se cumpran as condicións técnicas elementais que garantan tanto a conservación dos materiais como a súa adecuada accesibilidade (física e cognitiva) para o público xeral. De feito, a mostra do material documental orixinal supón unha das estratexias máis potentes que se poden desenvolver dentro da difusión arquivística, pois

contribúe a achegar o contido documental directamente á cidadanía dunha maneira moi visual e contextualizada pola mediación interpretativa dos profesionais do arquivo.

Para comprender a súa importancia, hai que sinalar que a interese polas pezas documentais como elementos de exhibición veuse incrementando sensiblemente ano tras ano. Nuns casos, organízanse exposicións onde o material documental é o protagonista e, noutros, os documentos acompañan os obxectos principais da exposición corroborando feitos ou complementando información contextual (ANABAD, 2020). Con estas exposicións, conséguese unha experiencia interpretativa e significativa arredor dos documentos, converténdose nun instrumento capital para a construción da nova imaxe pública das institucións arquivísticas.

No caso do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, a situación actual ofrece un punto de partida interesante sobre a cal deseñar un programa expositivo específico. Atópase nas súas instalacións, a día de hoxe, unha mostra de carácter permanente que, sen ser propiamente documental, contribúe a crear un espazo axeitado para a programación de exposicións. Está composta por mobles antigos de oficina, cadeiras de época, arquivadores de madeira, arquivos de fichas, computadoras manuais, aparellos topográficos e outros elementos relacionados coa historia material do traballo administrativo. Trátase, polo tanto, dun conxunto expositivo que, se ben non cumpre coa función de visibilizar directamente os fondos documentais, resulta moi útil como apoio á ambientación cultural do Arquivo.

Partindo desta situación, propónse neste proxecto unha reconfiguración parcial deste espazo, mediante a incorporación dun ou máis módulos expositivos con vitrinas axeitadas e con sistemas de iluminación e suxeición adaptados aos requisitos da conservación documental. O obxectivo será habilitar unha pequena zona expositiva de carácter permanente que poida acoller pequenas mostras temporais de documentos ou de obxectos de interese, que poderían ser materiais propios do Arquivo no caso da documentación, ou pezas doutras institucións, no marco de colaboracións puntuais. No terceiro punto do anexo, inclúese unha listaxe das especificacións técnicas para este espazo expositivo.

3.3.1. Exposicións físicas permanentes e temporais sobre fondos específicos

Neste programa, optárase preferentemente polo modelo de exposicións temporais fronte ao formato de exposicións permanentes, xa que estas adoitan presentar maiores complicacións en termos de conservación e preservación. Isto débese á propia natureza fráxil do patrimonio documental, que non está concibido para unha exposición continuada sen sufrir danos ou desgaste. En moitos casos, como nos libros e manuscritos, é necesario que estes deban

manterse pechados, pois tal é o propósito do seu deseño. Ademais, factores ambientais como a luz, a humidade ou a temperatura poden acelerar o deterioro dos materiais. Para minimizar os riscos, recoméndase optar por exposicións temporais, que sexan limitadas no tempo, e sempre baixo unhas condicións de control estrito onde se garantan a boa conservación dos documentos. A pesar destas limitacións, este tipo de mostras resultan moi útiles para achegar o patrimonio documental á cidadanía e poder proxectar a imaxe desexada dos arquivos en canto á súa versatilidade. O principal reto será atopar o equilibrio entre a difusión cultural e a preservación do material exposto (ANABAD, 2020). As condicións ambientais óptimas son difíciles de manter nas salas de exposición debido a factores como o tránsito constante de visitantes e a necesidade de manter unha iluminación continua. Estas circunstancias provocan un aumento das partículas en suspensión no aire, así como fluctuacións na temperatura e na humidade relativa, que poden afectar negativamente aos materiais expostos. Por este motivo, o mantemento das condicións axeitadas require duns recursos técnicos adecuados, unha planificación rigorosa, controis ambientais exhaustivos e a adopción de medidas preventivas estritas que garantan a conservación dos documentos.

A elaboración dunha exposición documental require, pois, dunha planificación detallada e coidadosa na que se implican cinco áreas principais:

1. Área de xestión e organización: encárgase da coordinación das tarefas e das distintas áreas implicadas, tales como o orzamento e os contratos, entre outros. Adoita estar formada por persoal da institución organizadora.
2. Área de comisariado: define a idea e o discurso expositivo, ademais de redactar os contidos do catálogo. Está composta por especialistas na materia sobre a que versa a exposición.
3. Área de comunicación e mediación educativa: intégrana as persoas responsables da campaña de comunicación e da imaxe da exposición. Diríxense ao público destinatario, elaboran materiais de apoio (cartaces, dípticos, entre outros) e poden organizar actividades complementarias como conferencias, charlas ou encontros arredor da mostra.
4. Área de deseño e montaxe: formada por profesionais encargados de planificar o espazo expositivo e de instalar os elementos físicos, entre os que se inclúen as vitrinas, a iluminación ou a escenografía.
5. Área de conservación e restauración: integrada por persoal técnico especializado da institución organizadora e/ou prestadora. Avalía o estado de conservación dos documentos, identifica os factores de risco asociados á exposición e determina as

condicións de exhibición axeitadas, podendo mesmo desaconsellar a súa mostra pública se non se garante a súa preservación.

Outro factor importante para elixir este tipo de exposicións é que se adaptan con facilidade ao calendario institucional do arquivo, e tamén ás datas singulares como efemérides ou, incluso, ás intereses culturais que se detecten na comunidade. Todo elo, ademais, conseguindo dar unha visibilidade progresiva á diversidade dos fondos documentais.

No caso do Arquivo da Deputación de Lugo, as exposicións temporais desenvolveranse no novo espazo expositivo mencionado anteriormente. Nesta zona, poderanse organizar mostras de pequeno formato e de carácter monográfico, cun discurso expositivo centrado nun fondo documental específico ou nunha liña temática concreta. A montaxe e posta en marcha destas exposicións necesitará da elaboración de textos divulgativos, a preparación de materiais complementarios e a coordinación do persoal técnico do Arquivo para o tratamento axeitado dos documentos que sexan incluídos.

A maiores de utilizar os fondos propios, proponse, como se sinalou, a posibilidade de incorporar documentos procedentes doutras institucións mediante convenios de préstamo temporal. Esta opción permitiría complementar os contidos locais con outros materiais de interese, así como artellar exposicións colaborativas entre o ADPL e outros arquivos, bibliotecas ou entidades culturais da provincia ou do resto de Galicia.

Un exemplo concreto dunha exposición temporal que podería organizarse no ADPL sería arredor da documentación conservada sobre a Casa da Maternidade e Expósitos de Lugo (tamén coñecida como Casa Cuna). Esta foi unha institución histórica de beneficencia que se encargou, durante máis dun século e medio, da atención á infancia na provincia de Lugo. A mostra podería incluír fotografías antigas, expedientes de aollida, cartas de entrega de nenos escritas polas nais ao deixalos, etiquetas identificativas, inventarios, partidas de nacemento ou regulamentos internos, todos eles pertencentes aos fondos custodiados no Arquivo provincial. Estes documentos posibilitarían tratar diversas e complexas cuestións, como o abandono infantil, a protección social por parte das institucións, o papel das mulleres na historia asistencial ou a memoria social. Tratar temáticas como esta permitirían humanizar os documentos e visibilizar aspectos esquecidos da historia local. A exposición iría acompañada doutras actividades paralelas, como visitas guiadas, a difusión nas redes sociais e o emprego de materiais didácticos, polo que sería unha oportunidade excelente para achegar e introducir á cidadanía na riqueza e diversidade dos fondos documentais e a súa dimensión humana e cultural.

3.3.2. Exposicións virtuais en liña

As exposicións virtuais representan un novo formato expositivo que facilita o achegamento ao público xeral dunha forma moito máis versátil e accesible no eido da difusión arquivística. A súa natureza dixital ofrece á cidadanía unha experiencia de aproximación ao patrimonio documental sen as limitacións xeográficas, espaciais, temporais ou materiais das exposicións físicas tradicionais, o que fai posible ampliar notablemente o alcance das accións expositivas do arquivo. Son, polo tanto, unha nova forma de chegar a un público que antes podía verse excluído da súa participación. Ademais, grazas á difusión a través da súa publicación e promoción en distintos medios dixitais, como as redes sociais ou as páxinas web, asegúrase o incremento da visibilidade do arquivo, a diversificación dos públicos e o reforzo da súa presenza no ecosistema cultural *online*.

Enténdese por exposición virtual toda aquela mostra de contido documental presentada en formatos dixitais e navegables, ás que se accede a través de plataformas web ou de arquivos en PDF interactivos, con estruturas organizadas en bloques temáticos, percorridos guiados, imaxes ampliáveis, descrições arquivísticas contextualizadas, contidos audiovisuais ou elementos multimedia. Estas exposicións poden reproducir tanto versións dixitais das mostras físicas realizadas previamente como funcionar de maneira autónoma a partir de contidos específicos creados para a súa difusión en liña.

Cómpre salientar que o desenvolvemento deste tipo de exposicións está directamente condicionado pola existencia previa de proxectos de dixitalización ben estruturados e elaborados, xa que a súa base documental e visual depende da dispoñibilidade de imaxes dixitais de alta calidade dos documentos orixinais. Sen este traballo previo de dixitalización dos fondos ou dunha parte significativa deles, resulta inviable garantir a propia realización da exposición e a obtención dunha experiencia expositiva coherente e atractiva.

No caso do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, as exposicións virtuais desenvolveranse preferentemente a través da páxina web institucional, dentro do apartado *Difusión e actividades culturais*, onde disporán dunha sección específica dedicada a este fin. Estas mostras poderán presentarse en dous formatos principais:

- Percorridos web navegables, con imaxes, textos e ligazóns organizadas por páxinas e subpáxinas temáticas.
- Catálogos ou *dossiers* en formato PDF interactivo, descargables, cun deseño editorial coidado e unha estrutura visual atractiva.

Un modelo de referencia que ter en conta para o deseño deste tipo de exposicións é o da web do Arquivo do Reino de Galicia⁶, que ofrece exposicións virtuais breves e ben estruturadas, centradas en temas concretos e articuladas arredor de materiais dixitalizados e con pequenos textos explicativos⁷. Trátase dun exemplo especialmente interesante debido ao seu formato técnico, ao seu ton divulgativo, e tamén polo nivel de profundidade acadado en cada proposta.

Un exemplo de exposición virtual que se podería deseñar para o ADPL tería como eixo a *Revista Lucus*, publicación periódica xa dixitalizada polo Arquivo. A partir dunha selección de artigos significativos, como editoriais de interese ou cabeceiras históricas, así como de ilustracións, fotografías e artigos de diversos autores, construíríase unha narrativa visual e documental sobre a historia cultural da provincia de Lugo ao longo do século XX. A mostra podería organizarse por décadas, por temáticas ou mesmo segundo os cambios de formato e a orientación editorial, incorporando, ademais, ligazóns aos exemplares completos procedentes do proceso de dixitalización.

Finalmente, é importante sinalar que a integración destas exposicións virtuais na páxina web e nas campañas dixitais do Arquivo servirá para un dobre propósito. Por unha banda, será unha iniciativa máis encamiñada á consecución dos obxectivos de difusión dos fondos e, por outra, permitirá aos usuarios remotos do Arquivo un acceso aberto, permanente e gratuíto a este tipo de contido cultural.

3.4. Material promocional

No marco dunha estratexia de difusión que pretenda ser integral, o material promocional representa un dos elementos esenciais para dar a coñecer as actuacións levadas a cabo polo Arquivo. Tamén resultan fundamentais para reforzar, a nivel visual, a identidade da institución e mellorar o seu recoñecemento público. Este tipo de materiais, que adoitan ser físicos, aínda que tamén se poden empregar copias dixitais deles na rede, serven como un acompañamento moi útil para as distintas accións culturais desenvolvidas pola institución. En ambos casos son recursos verdadeiramente prácticos e relativamente duradeiros que permitirán achegar o Arquivo á cidadanía dun modo tanxible.

⁶ <https://arquivosdegalicia.xunta.gal/es/arquivo-reino-galicia>

⁷ Exemplo de exposición virtual do Arquivo do Reino de Galicia:
<https://arquivosdegalicia.xunta.gal/es/arquivo-reino-galicia/actividades/exposiciones/archiveras-en-el-archivo-del-reino-de-galicia-1925>

Tendo o anterior en conta, este punto do proxecto terá os materiais físicos como eixo principal de acción, tanto pola súa maior capacidade de impacto e permanencia no tempo como porque, neste contexto, os formatos dixitais non son máis ca reproducións secundarias destes soportes orixinais.

3.4.1. Elaboración de trípticos informativos sobre o Arquivo

Os flyers, trípticos ou follas voandeiras informativas son un dos formatos máis empregados na comunicación cultural de proximidade. As características principais deste tipo de materiais de distribución gratuíta son o seu fácil manexo e a súa gran capacidade de síntese, o que vai permitir obter unha primeira aproximación ao Arquivo e aos seus servizos dunha maneira clara e sinxela. Coa súa distribución en puntos estratéxicos, como eventos culturais, centros educativos, entidades colaboradoras e espazos públicos da Deputación, conseguirase un incremento da visibilidade do ADPL, ao tempo que tamén se visibilizarán as distintas accións culturais levadas a cabo pola institución entre públicos que, en moitos casos, aínda non están familiarizados nin coa institución nin coas actividades que desenvolve.

Dentro desta estratexia, está prevista unha edición dividida en dous tipos complementarios de follas voandeiras: unhas de carácter institucional, pensadas para a súa longa permanencia no tempo e orientadas a dar a coñecer o ADPL e os seus servizos básicos, e outras de carácter temporal, vencelladas a actividades concretas como exposicións, visitas guiadas ou campañas de difusión cultural específicas. O obxecto desta diferenciación motívase pola necesidade de adaptarse a distintos contextos e públicos, polo que se poderá desenvolver unha comunicación moito máis apropiada para cada un deles.

O deseño destes materiais deberá axustarse a formulacións que permitan unha lectura breve e clara e, ademais, cun deseño visual atractivo. Recoméndase empregar un formato estándar (por exemplo, tamaño A5 ou tríptico en A4), a cor, con papel de boa calidade e impresión a dobre cara. O estilo gráfico deberá ser coherente coa identidade visual do ADPL e da propia Deputación, mantendo un estilo institucional pero próximo e adaptado a cada contexto, e sempre cun uso prioritario da lingua galega.

En canto aos contidos das follas voandeiras, estas deberán adaptarse ao seu propósito comunicativo. No caso dos trípticos institucionais, estes deben incluír:

- Unha breve presentación do ADPL, destacando a súa función como servizo público de custodia, consulta e difusión do patrimonio documental.
- Os principais servizos ofrecidos ao público, tales como a consulta en sala, a reprodución, a cita previa ou asesoramento técnico.

- Información de contacto e acceso ás instalacións: dirección física, correo electrónico, teléfonos e ligazón á web con código QR de acceso directo.
- Referencias visuais a algún documento ou fondo destacado, a modo de reclamo.
- Mencións a súa actividade cultural: visitas, exposicións, redes sociais, entre outros.

Nos trípticos dedicados a actividades concretas, os contidos xirarán arredor da acción que se desexa promocionar, podendo incluír:

- Título e descrición da actividade (exposición, visita guiada, obradoiro, entre outros).
- Datas, horarios e lugar de realización.
- Público destinatario e, se é o caso, instrucións para a inscrición ou participación.
- Elementos visuais relacionados coa temática ou cos documentos que se van empregar.
- Ligazóns a recursos dixitais complementarios ou a formularios de contacto no caso dos trípticos virtuais.

No caso das follas voandeiras institucionais, estas deben ser actualizadas cada certo tempo, pois a súa presenza envellecida ou anticuada polo paso do tempo nos expositores de folletos pode transmitir unha imaxe negativa da institución. Dispor estes materiais en bo estado e ao día reforza a credibilidade e a boa imaxe do Arquivo.

É importante sinalar que a súa elaboración e distribución pode coordinarse co Servizo de Cultura da Deputación, aproveitando, se é posible, momentos de especial interese e visibilidade, como feiras, conferencias, semanas culturais ou outros actos institucionais.

3.4.2. Creación de calendarios e axendas con imaxes do fondo

A produción de materiais promocionais de uso cotián, como calendarios ou axendas ilustradas con imaxes dos fondos do ADPL, tamén forman parte dunha estratexia que permita prolongar no tempo a presenza simbólica do arquivo na vida cotiá das persoas. Estes obxectos, máis alá da súa utilidade práctica, funcionan como unha canle secundaria para os propósitos da difusión, podendo achegar a cidadanía a unha pequena mostra da riqueza documental conservada. Son, por así dicilo, un instrumento de propaganda positiva que reforza e mantén presente o arquivo no día a día da xente que os emprega e, polo tanto, na súa memoria.

No caso dos calendarios, estes poden adoptar diferentes formatos segundo o público obxectivo: murais, para oficinas e centros; de peto, para repartir en actos ou mostradores; ou mesmo dixitais, como fondo de escritorio ou para a súa descarga desde a web. As axendas, pola súa banda, poden ser distribuídas como agasallo ou como materiais de apoio en contextos educativos, administrativos ou tamén en eventos organizados polo propio Arquivo ou pola propia Deputación.

A selección das imaxes que ilustrarán estes materiais deberá facerse con base a criterios arquivísticos e comunicativos. Poderán escollerse fotografías históricas, documentos gráficos, detalles tipográficos, selos, firmas ou seccións singulares de expedientes. O obxectivo neste caso é lograr un bo equilibrio entre a beleza visual e o valor documental. Cada imaxe pode ir acompañada dun breve pé explicativo para dar un contexto informativo sobre a súa orixe ou historia e que, ademais, anime á súa consulta a través do ADPL.

Un dos puntos máis importantes deste tipo de produtos é que reforzan a política de reutilización de imaxes dixitalizadas, facendo patente o valor do investimento realizado na dixitalización documental e amosando o seu carácter de acción transversal para a difusión. A súa distribución tamén poderá realizarse, de maneira gratuíta, a través das propias instalacións do Arquivo, de envíos a outras institucións, nos actos públicos da Deputación, en centros educativos e culturais, ou mediante campañas específicas ligadas a eventos como o Nadal, o Semana Internacional dos Arquivos ou a outras efemérides importantes.

4. Actividades de difusión

A diferenza das accións de difusión en contornas dixitais, as actividades presenciais supoñen un elemento fundamental para dinamizar a relación entre o arquivo e a cidadanía dun xeito directo e máis humano. Agás no caso das exposicións virtuais, o contacto será sempre cara a cara entre os profesionais do arquivo e as persoas que se achegan a coñecer os seus fondos ou participar nas súas actividades. Isto implica a necesidade dunha mínima capacitación ao respecto por parte do persoal do arquivo en canto ao trato co público e na mediación cultural. Tamén será necesaria, como noutros casos xa vistos neste programa, unha planificación e organización ben detallada destas actividades, que permita o seu bo desenvolvemento e cumprir co obxectivo de alcanzar unha relación fluída e eficaz coa cidadanía.

4.1. Visitas especiais para escolas e institucións educativas

As visitas escolares constitúen unha das accións de maior valor didáctico dentro das actividades presenciais que se poden desenvolver nun arquivo público. No caso do ADPL, este tipo de visitas permitirán achegar aos estudantes o novo concepto de arquivo moderno. Este será presentado como un espazo para a memoria colectiva e como unha fonte de coñecemento dinámica e viva, no que hai historias apaixonantes que coñecer. Trátase, en definitiva, de facerlles ver que o arquivo, como servizo público, é un recurso cultural e social máis que está á súa disposición e co cal se pode contar.

Estas visitas estarán adaptadas aos distintos niveis educativos (Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato ou Formación Profesional) e deseñadas en coordinación cos centros escolares co obxectivo de garantir a súa adecuación aos contidos curriculares e ás capacidades dos grupos escolares segundo o seu nivel. As visitas incluirán explicacións básicas sobre que é un arquivo e para que serve, percorridos comentados polas instalacións, observación directa de documentos significativos e pequenas actividades como sinxelos exercicios prácticos de interpretación documental, pero sempre desde unha perspectiva lúdica e participativa.

Como se sinalaba, o contido das visitas poderá variar segundo o nivel do alumnado, pero en todos os casos buscarase combinar elementos visuais e narrativos, que resulten atractivos e que favorezan unha aprendizaxe significativa e enriquecedora. Para iso, propónse a elaboración de diversos tipos de materiais adaptados de apoio, como son as fichas didácticas, as guías de observación ou os cadernos de actividades, e que, ademais, poderán ser empregados tanto antes, como durante ou despois das visitas.

Un elemento de gran utilidade para o bo funcionamento desta liña de acción sería o deseño dun calendario anual de visitas escolares, que lles permitise aos centros educativos inscribirse e reservar as datas con antelación e garantir así a súa compatibilidade coa actividade ordinaria do Arquivo. A este recurso podería accederse pola web mediante un formulario de inscrición disposto para tal efecto ou contactando directamente co ADPL. Así mesmo, sería conveniente establecer unha canle de comunicación directa cos equipos docentes a través do correo electrónico, para recoller as súas posibles propostas, adaptar os itinerarios e tamén avaliar as súas experiencias tras cada visita.

Dentro destas visitas pódense tamén desenvolver outros formatos complementarios, como pequenos obradoiros, mostras de traballos escolares inspiradas nos documentos do Arquivo, ou encontros interxeneracionais vinculados á identidade histórica e social da provincia. Ao decantarse por unha mediación educativa ben planificada e estruturada, o ADPL situarase como un recurso de referencia no apoio ao ensino no ámbito das ciencias sociais e humanas, converténdose nun novo espazo dinámico e proactivo para a formación escolar das novas xeracións.

4.2. Programación de visitas para o público en xeral

As visitas guiadas dirixidas ao público xeral tamén supoñen unha boa oportunidade para dar a coñecer como é o funcionamento interno do Arquivo, cales son os seus fondos documentais e evidenciar a súa relevancia como institución ao servizo da cidadanía. Do que se trata é de promover un achegamento directo e participativo ao patrimonio documental

custodiado a través dun contacto físico e presencial. A súa organización permitirá rachar con aquelas barreiras simbólicas baseadas nos prexuízos e estereotipos que aínda persisten sobre os arquivos e que xa foron sinaladas no comezo deste programa. Ademais, tamén son unha maneira de poñer de relevo, ante o gran público, o seu papel como recurso da administración ao servizo da cultura.

Estas visitas estarán abertas a calquera persoa interesada, e organizaranse coa maior regularidade posible e previa inscrición pola web ou contactando directamente. Poderán realizarse en días e horarios determinados, como parte da programación anual de actividades, e reforzarse, de ser necesario, en datas sinaladas como a Semana Internacional dos Arquivos e efemérides locais, entre outros.

Os percorridos incluírán unha introdución ao papel e funcionamento do Arquivo, unha visita ás instalacións (zonas públicas e, se é posible, ao depósito documental), e a presentación de documentos singulares e representativos, escollidos segundo o perfil dos visitantes ou a temática tratada durante a sesión. Para facilitar a súa comprensión, adaptaranse as explicacións ao nivel do grupo, e co apoio de materiais gráficos ou reproducións ampliadas de documentos, de ser preciso.

Tamén se contempla a posibilidade de organizar visitas personalizadas para colectivos específicos, como asociacións culturais, centros sociais, entidades profesionais ou agrupacións veciñais, co obxectivo de afondar nos vínculos entre o Arquivo e o tecido asociativo do territorio. Deste xeito, axudarase á visibilización e difusión das actividades feitas no propio ADPL a través destes grupos concretos, que posúen unha gran influencia comunicativa e social no seu ámbito de actuación público.

4.3. Obradoiros, coloquios e conferencias

Ademais das visitas guiadas, o ADPL poderá programar, nas súas instalacións, obradoiros, encontros participativos e outras actividades divulgativas, orientadas tanto ao público xeral como a colectivos específicos, co propósito de potenciar a súa función educativa e dinamizadora sociocultural.

Os obradoiros ofrecerán experiencias de tipo práctico coa documentación como eixo principal: actividades de iniciación á investigación con fontes primarias, lectura e interpretación de documentos antigos ou itinerarios documentais arredor de temas históricos, entre outros. Estarán dirixidos a escolares, estudantes universitarios, docentes, asociacións culturais ou persoas interesadas en descubrir o valor do patrimonio documental desde unha perspectiva aberta e colaborativa.

Os coloquios serán encontros máis informais, especialmente participativos e abertos ao diálogo, pensados para xerar reflexións e debates arredor dos temas tratados. Estes eventos poden contar coa colaboración doutras entidades da provincia, como arquivos municipais, museos ou centros culturais, e articularse arredor de documentos significativos ou fondos concretos, xerando así espazos para a conversa e o intercambio intelectual.

As conferencias, pola súa banda, adoptarán un formato máis clásico na divulgación do coñecemento. Contarán coa intervención de especialistas convidados, como arquiteiros, historiadores, investigadores de renome ou xornalistas, e xirarán arredor de temas de interese para o público local, podendo estar vinculados ou non aos fondos documentais do ADPL. A idea é facer do Arquivo un centro máis para a cultura e aberto a outras temáticas de interese social e cultural. Estes encontros deberán celebrarse nos espazos habilitados para tal fin nas instalacións da propia Deputación, xa que o ADPL non dispón, actualmente, nin do espazo nin das condicións adecuadas para acoller actividades deste tipo. As conferencias estarán abertas a toda a cidadanía, con posibilidade de ser retransmitidas en streaming ou gravadas posteriormente e publicadas a través da web ou noutras plataformas como YouTube.

Todas estas actividades poderán organizarse de forma puntual ou ser programadas dentro de ciclos temáticos e coordinadas co calendario de exposicións, as visitas ou as campañas dixitais. A colaboración con centros educativos, universidades, e outros arquivos ou entidades culturais será esencial para obter unha programación diversificada, de calidade e cun impacto substancial no eido cultural local.

5. Proxectos de dixitalización

A dixitalización dos documentos converteuse, nos últimos anos, nun dos piares da nova arquivística, pero tamén supuxo unha revolución nun sentido moito máis amplo, pois abrangue a relación entre os cidadáns e as administracións públicas. A Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permite a tramitación íntegra dos procedementos por medios electrónicos, e, neste marco, todos estes procedementos e expedientes baséanse en documentos dixitalizados ou nativos dixitais. Este novo paradigma documental espállase tamén a múltiples contextos, como o educativo, o empresarial, os medios de comunicación e o mundo literario e cultural, entre outros, atopándose xa integrado na vida cotiá de todas as persoas.

No caso da arquivística, a súa incorporación progresiva aos distintos procesos de traballo responde tanto a razóns técnicas como administrativas e culturais. Isto débese ás súas capacidades de mellora e innovación nos ámbitos da xestión, conservación e, sobre todo, da

difusión do patrimonio documental. A tecnoloxía dixital posibilita converter os documentos analóxicos en novos formatos dixitais, propiciando unha nova maneira de acceder e utilizar os documentos, e mesmo mellorando a conservación e protección dos documentos orixinais. Pero isto non significa que os documentos en formato físico perdan o seu valor ou utilidade, de feito continúan a ser a fonte primaria de autenticidade e referencia, como, por exemplo, nos casos de investigación ou nos que existe a necesidade de validación xurídica. A dixitalización é un proceso que complementa, mais non substitúe, o valor probatorio dos documentos orixinais, que seguen a ser na práctica a pedra angular sobre a que descansa a arquivística.

5.1. Estratexia de dixitalización

No caso que nos ocupa, a aplicación dos procesos de dixitalización no ADPL vai depender do enfoque que se adopte. Por unha banda, forma parte dos procesos da xestión documental, ao servir de apoio ás tarefas administrativas, como as respostas ás solicitudes de consulta por parte da cidadanía ou da propia administración. Tamén, como se sinalou, están ao servizo da estratexia de conservación preventiva daqueles documentos fráxiles que, ante a alta demanda, son dixitalizados mediante a xeración de copias de substitución. Pero, por outra banda, o papel da dixitalización como recurso para a difusión arquivística adquire hoxe unha relevancia estratéxica de suma importancia. Ademais da súa función na xestión cultural, os documentos dixitalizados constituirán un dos eixos principais sobre os que se apoiará todo o conxunto de accións e actividades implicadas na difusión arquivística. Isto débese ao seu forte potencial comunicativo, que favorece a construción das devanditas accións de posta en valor dos documentos, como no caso da maior parte dos contidos xerados para a web e para as campañas nas redes sociais, os distintos proxectos de exposicións, e moitos dos materiais para os produtos educativos e de promoción que se elaboren. Igualmente, ao seren accesibles desde calquera lugar e en calquera momento, facilitan o achegamento do arquivo a públicos diversos e romper coas limitacións físicas do acceso tradicional. Neste marco, a dixitalización funciona como un recurso transversal, presente en practicamente todas as actividades de difusión que se desenvolven desde un arquivo público, que van desde a visibilización de fondos singulares ata a integración dos arquivos nas dinámicas comunicativas da sociedade actual.

Tendo todo o anterior en conta, resulta evidente que calquera estratexia de difusión contemporánea debe incorporar a dixitalización como un medio para vencellar o patrimonio documental coa sociedade. O que se dixitaliza, como se dixitaliza e para que se dixitaliza son preguntas fundamentais que condicionan o alcance e a eficacia da difusión. Este punto do programa pretende, por tanto, situar a dixitalización no centro das estratexias para a

consecución dos obxectivos de visibilidade e de revalorización do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo. Analizaranse aquí as súas funcións e os seus usos potenciais, cunha perspectiva enfocada no servizo público e orientada á construción dun modelo de acceso libre á documentación.

5.2. O proceso de dixitalización

O proceso de dixitalización, definido segundo Cruz Mundet, como o *“proceso de captura mediante cámara fotográfica o escáner con el que la imagen de un documento se convierte en códigos numéricos (dígitos), para su tratamiento por un ordenador mediante software de captura. La imagen así digitalizada se puede almacenar en distintos soportes, tratarla y hacerla accesible a través de la Red”* (citado en Temario para Auxiliar de Archivo, Estudio de Técnicas Documentales [ETD] (2018, pp. 275), require atender a unha serie de decisións previas que condicionan tanto o seu desenvolvemento técnico como, posteriormente, o alcance do seu impacto real na difusión. Desde unha perspectiva estratéxica, tres preguntas básicas axudan a ordenar e guiar todo proceso: que documentos dixitalizar, cando facelo e como se debe executar esa dixitalización. A resposta a estas cuestións debe partir dun coñecemento profundo do fondo documental, das necesidades do arquivo, dos medios dispoñibles, da capacitación do persoal e dos obxectivos que se pretendan acadar (Estudio de Técnicas Documentales [ETD], 2022).

O criterio de selección, que dixitalizar, resulta determinante, xa que non todos os fondos deben ser necesariamente dixitalizados nin ao mesmo tempo nin co mesmo nivel de prioridade. A utilidade do documento, o seu estado de conservación, o grao de demanda (cidadá ou administrativa), o seu valor informativo ou a súa interese histórico e simbólico son factores que se deben ter en conta para establecer a pertinencia e a prioridade á hora de dixitalizar. No caso concreto da difusión arquivística, débense seleccionar aqueles documentos que posúan gran relevancia histórica e patrimonial, ou aqueles que sexan representativos dos materiais que se vaian a empregar nunha acción ou actividade determinada e que resulten atractivos para o público xeral.

En relación co momento e ritmo da dixitalización, cando dixitalizar, debe terse en conta que este tipo de procesos estarán sempre condicionados pola dispoñibilidade de recursos materiais, humanos e económicos. Deste xeito, a planificación ten que axustarse a calendarios realistas e asumir que se trata, na maior parte dos casos, dunha tarefa progresiva, que se desenvolve no tempo, e suxeita a fases ou campañas anuais segundo as capacidades do arquivo. Neste sentido, resulta esencial establecer prioridades claras e asumir criterios de continuidade

a medio e longo prazo, evitando que se leven a cabo proxectos de dixitalización que resulten inconexos ou arbitrarios.

A cuestión de, como dixitalizar, refírese á dimensión técnica do proceso e require seguir criterios definidos pola normativa vixente⁸. Os proxectos de dixitalización deben basearse en estándares técnicos que garantan a calidade da imaxe, a autenticidade da copia, a integridade da información e a accesibilidade a longo prazo. Segundo as recomendacións da AMTEGA⁹ e en coherencia coas normas técnicas de interoperabilidade (ENI) e as directrices internacionais (ISO 13028, PDF/A), deben empregarse resolucións mínimas de 300 ppp, formatos sen compresión para os ficheiros máster (como TIFF) e formatos de acceso estables e recoñecidos (como PDF/A ou JPEG2000). A todo isto hai que sumar a necesaria incorporación de metadatos estruturados (Dublin Core, METS, PREMIS) e un control de calidade que abranga desde a captura ata o almacenamento final dos ficheiros.

5.3. Dixitalizando o ADPL

No caso concreto do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, pódense distinguir dúas vías de actuación diferenciadas en función da súa natureza e alcance. Por unha banda, existe un proceso de dixitalización dos fondos que se podería definir como externo, pois consiste na contratación de empresas especializadas no sector da dixitalización, mediante concurso público, e vinculado á obtención de subvencións públicas ou a iniciativas da propia Deputación. Estas accións, que contan cun gran orzamento, permiten abordar a dixitalización de grandes volumes documentais, como as series completas das Actas da Deputación ou os Boletíns Oficiais da Provincia. Os obxectivos destas campañas, que se desenvolveron en anos recentes, foron xa no sentido da difusión, pero incardinadas en proxectos tamén externos ao propio Arquivo. Por exemplo, a dixitalización dos Boletíns respondeu a un proxecto financiado pola Xunta de Galicia, e coordinado pola AMTEGA, para subir documentos relevantes ao portal Galiciana. Trátase pois dunha acción colaborativa de difusión documental, pero que non forma parte da liña propia de traballo de difusión que pretende desenvolver o ADPL.

⁸ A normativa vixente de referencia inclúe, entre outras: Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais; Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade; Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia; e Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

⁹ Axencia pública galega encargada de promover a administración electrónica e o impulso das tecnoloxías da información na Xunta de Galicia.

Por outra banda, existe un proceso de dixitalización interno sobre o cal o presente programa entende que é prioritario actuar, pois garda unha relación máis directa co tipo de difusión que se vai poñer en práctica. Esta vía, de características moito máis flexibles, outorga a capacidade de adaptar a dixitalización aos obxectivos concretos da difusión e aproveitar os recursos dispoñibles sen depender de subvencións ou axentes externos, podendo ofrecer deste xeito unha maior capacidade de decisión e unha planificación orientada especificamente á visibilización de contidos e materiais documentais. Consiste na dixitalización de documentos singulares ou pequenas unidades documentais que vén sendo realizada directamente polo persoal do ADPL empregando os medios técnicos propios do Arquivo. Actualmente, o alcance desta liña de traballo é limitado e responde unicamente a necesidades puntuais. No cuarto punto do anexo, figura unha táboa comparativa dos procesos de dixitalización externos e internos no ADPL.

A principal base para desenvolver o novo enfoque sobre a dixitalización e a difusión partirá da experiencia acumulada polo Arquivo da Deputación Provincial de Lugo en materia de dixitalización, ao constituír unha base sólida sobre a que avanzar cara a unha estratexia máis ampla e sostida no tempo e estar especialmente orientada á difusión cultural e ao acceso público ao patrimonio documental. O obxectivo neste contexto non é tanto abordar proxectos masivos de dixitalización, senón facer un uso intelixente e estratéxico dos recursos existentes, poñendo o foco na selección de contidos de interese e na súa aplicación práctica dentro das distintas accións de difusión previstas neste programa.

A continuidade dos proxectos xa iniciados mediante accións externas, como os procesos de dixitalización de series completas impulsados desde a Deputación ou financiados a través de subvencións públicas, deben entenderse como unha liña de traballo que cómpre manter e seguir desenvolvendo, pois será a vía para poñer ao alcance da cidadanía as grandes agrupacións documentais, facilitando así a súa consulta. Grazas a elas poderase constituír un repositorio virtual o máis completo posible e accesible a través da web do Arquivo nun futuro, esperemos, próximo. Estes procesos de dixitalización, ademais de inserirse, en termos xerais, no conxunto de materiais empregados para a propia difusión, fan posible a constitución de coleccións dixitais completas e coherentes que resultan útiles tanto para a administración como para a cidadanía, converténdose nun ben tanxible e cun evidente valor cultural, histórico, legal e para a investigación.

Con todo, é na liña de traballo interna (aquela realizada polo propio persoal do ADPL) onde se sitúa o eixo principal da estratexia de dixitalización como ferramenta de difusión. Trátase dunha dixitalización planificada con base a criterios arquivísticos e comunicativos, onde a escolla

de materiais está vencellada directamente ás metas perseguidas na difusión. A intención desta vía divulgativa non é tanto crear en masa réplicas dixitais de series ou agrupacións documentais completas, senón identificar e poñer en valor aquelas series ou documentos que, polo seu contido, forma, simbolismo ou singularidade, resulten axeitados para seren compartidos a través das diferentes canles de comunicación co público. No quinto punto do anexo atópanse varios exemplos de documentos senlleiros dixitalizados para a difusión.

Un dos espazos clave onde se materializarán os resultados do proceso de dixitalización será a propia páxina web do Arquivo, que funcionará como un repositorio virtual accesible e estruturado dos documentos seleccionados. O acceso a estes materiais poderá organizarse por series documentais, por temáticas ou por tipos documentais. Para facilitar esta organización, resulta prioritario que, durante o proceso de dixitalización, os documentos sexan correctamente indexados, integrando as referencias e metadatos axeitados que garantan unha manipulación posterior sinxela, eficaz e libre de erros. Así mesmo, o sistema organizativo da web permitirá a incorporación progresiva de novos contidos dixitalizados, favorecendo a súa actualización constante.

Estes documentos dixitais constituirán tamén a base sobre a cal se deseñarán as campañas nas redes sociais. Para tal propósito, será preciso establecer previamente a orientación temática de cada campaña, co fin de realizar unha escolla axeitada dos materiais que se vaian empregar e garantir a súa coherencia discursiva e visual.

A dixitalización servirá igualmente como fonte principal para a creación de materiais promocionais e educativos, como trípticos, calendarios, unidades didácticas ou materiais de apoio ás visitas guiadas, asegurando a súa calidade formal e a súa harmonización coa identidade visual do Arquivo. Tamén permitirá construír exposicións virtuais a partir dos fondos documentais, sendo a selección e dixitalización dos materiais un aspecto prioritario, pois neles reside a calidade e o atractivo da proposta. Ademais, poderá actuar como complemento das exposicións físicas, facilitando a reprodución de documentos orixinais en soportes expositivos ou interactivos sen comprometer a súa conservación.

En conxunto, a dixitalización asume neste proxecto un papel estratéxico como recurso transversal que sustenta e potencia as distintas liñas de acción vinculadas á difusión cultural do Arquivo. A súa aplicación, lonxe de representar un obxectivo illado, intégrase nun modelo global de servizo público orientado á accesibilidade, á participación cidadá e á posta en valor da documentación como fonte de coñecemento, identidade colectiva e memoria compartida.

6. Proxección externa e relación institucional

Á marxe das accións internas de difusión e das actividades presenciais, o Arquivo debe contar tamén cunha estratexia comunicativa que lle permita manter unha proxección externa e unhas relacións institucionais que afiancen a súa presenza no espazo público e que consoliden as relacións colaborativas con outras entidades culturais, educativas e do eido das ciencias da comunicación. Esta liña de actuación resulta fundamental para inserilo activamente nas redes culturais, educativas e mediáticas da provincia e do país.

6.1. Colaboracións institucionais e alianzas culturais

Entre os principais e máis próximos aliados cos que pode contar o ADPL atópanse os museos e centros culturais dependentes da Deputación, como a Rede Museística Provincial. Xunto a eles, pódense desenvolver proxectos culturais e de difusión conxuntos. As accións colaborativas poden xirar arredor de temas que sexan comúns, intercambios de materiais ou programacións conxuntas ou en paralelo de certas actividades culturais. Tamén cómpre destacar a posibilidade de colaboración con outras institucións que non pertencen á Deputación, como os arquivos municipais, cos que se poden establecer sinerxías en distintas actividades culturais, educativas, formativas e doutra índole, como a realización conxunta de exposicións ou mediante o desenvolvemento de proxectos de dixitalización compartidos.

Así mesmo, os centros de ensino secundario, as universidades, as escolas de artes e oficios ou os institutos de formación profesional, son tamén aliados naturais para a posta en marcha de visitas, obradoiros, prácticas académicas, proxectos de investigación aplicada ou accións de formación docente.

O obxectivo principal é ter unha boa relación e colaboración institucional que resulte nun beneficio para todas as partes implicadas. Para iso, é preciso definir unha serie de criterios que seguir para a posta en marcha destas relacións:

- Identificar entidades con obxectivos coincidentes ou complementarios.
- Definir os obxectivos comúns con metas claras e asumibles.
- Establecer canles de comunicación fluída que favorezan a confianza mutua.
- Formalizar os acordos asinando convenios ou protocolos para regular os compromisos, responsabilidades, dereitos e obrigas de cada parte implicada.
- Establecer protocolos básicos de colaboración e seguimento que definan as accións conxuntas, o calendario de execución, a coordinación e os sistemas de avaliación.
- Integrar as colaboracións na planificación anual do arquivo.

- Promover relacións de horizontalidade e de intercambio mutuo de coñecemento.
- Respetar a identidade e función de cada institución.
- Establecer mecanismos para a avaliación continua que permitan medir os resultados e detectar posibles carencias para a mellora de futuras accións.

Unha estratexia de colaboración institucional ben deseñada é un dos pasos elementais para o bo desenvolvemento dun plan de difusión de gran alcance. Ademais, permitirá ao Arquivo afianzar a súa posición no ecosistema cultural da provincia e construír pontes duradeiras co resto de institucións que traballan ao servizo da cidadanía.

6.2. Estratexias de captación e fidelización de usuarios

Na actualidade, un dos retos principais para os arquivos é ampliar e diversificar os seus usuarios, superando a devandita visión restrinxida que os vincula unicamente con investigadores ou administracións. Para acadar unha difusión efectiva e inclusiva, o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo deberá implementar accións específicas que, alén de consolidar a súa relación coas persoas usuarias habituais, permitan atraer a novos perfís de usuarios.

As accións de captación de novos usuarios deben ser dirixidas principalmente a colectivos tradicionalmente afastados do mundo arquivístico, como:

- A mocidade e os estudantes, mediante campañas educativas, contidos visuais adaptados e campañas de dinamización a través de redes sociais.
- As persoas maiores interesadas polo patrimonio histórico e cultural.
- Os novos residentes e persoas migrantes, mediante accións inclusivas e vinculadas á identidade local e ao dereito á información.
- As asociacións culturais e veciñais, como plataformas de participación cidadá.

En canto á fidelización, desde a perspectiva do márketing arquivístico e cultural, esta precisa que o produto ofertado sexa de calidade e cumpra, ou mesmo supere, as expectativas do usuario cliente. Ademais, é necesario que a experiencia do usuario na súa relación co arquivo (que será, desde esta óptica, entendido como marca) resulte excelente para establecer un vínculo emocional positivo coa institución. Aspectos como a comunicación activa, pero non invasiva, a escoita das súas demandas e a personalización das mensaxes e do trato tamén son aspectos fundamentais desta estratexia. A idea é que o usuario cliente quede satisfeito e recomende e axude a visibilizar a marca do arquivo.

Isto pode acadarse mediante:

- Actividades recorrentes ou ciclos temáticos que inviten ao regreso ao arquivo, tales como visitas especiais, exposicións e coloquios.

- Recoñecemento do usuario como parte activa do programa cultural desenvolvido mediante convites a participar, campañas de recollida de testemuños ou iniciativas colaborativas, entre outros.
- Especial coidado da experiencia de usuario tanto na visita presencial como no acceso en liña: atención, claridade, accesibilidade, linguaxe adaptada, entre outros.

Ademais, será imprescindible incorporar ferramentas para a avaliación da satisfacción e de seguimento da participación, co obxectivo de axustar as distintas accións ás expectativas e intereses reais dos usuarios.

6.3. Relación cos medios de comunicación e campañas informativas

Para acadar unha verdadeira visibilidade pública e alcance social, o Arquivo da Deputación Provincial de Lugo debe contar cunha relación fluída, planificada e o máis sostida posible cos medios de comunicación da súa contorna. A presenza do ADPL nestes medios con motivo das actividades que organiza contribúe a situalo no foco da vida cultural e a consolidar a súa presenza no espazo público. Por este motivo, será necesario trasladar aos medios de comunicación toda a programación e as iniciativas que se desenvolverán no Arquivo, mantendo unha relación informativa regular e adaptada aos distintos formatos xornalísticos. O obxectivo é que a información difundida contribúa ao éxito das medidas de difusión adoptadas e, ademais, impulse o coñecemento por parte da audiencia do Arquivo como unha institución cultural aberta, proactiva, dinámica e actual.

A presenza nos medios deberá artellarse mediante accións como:

- Elaboración e envío de notas de prensa sobre actividades destacadas: exposicións, visitas, campañas escolares, adquisicións documentais, celebracións de efemérides, entre outros.
- Convocatoria de roldas de prensa para eventos institucionais ou presentacións públicas de interese xeral.
- Colaboración nas emisoras de radio e nos programas culturais locais ou galegos, mediante entrevistas, participacións ou presentando contidos divulgativos que formen parte do Arquivo.
- Publicación de artigos ou reportaxes sobre fondos singulares en medios dixitais ou impresos, especialmente aqueles vinculados á historia da provincia ou ao patrimonio documental galego.

- Coordinación coa Área de Comunicación da Deputación de Lugo para garantir a integración das accións do ADPL dentro da estratexia comunicativa xeral da institución.

Así mesmo, tamén poderían deseñarse campañas informativas específicas, cunha duración e obxectivo delimitado e orientadas á promoción dalgunha actividade clave; por exemplo, unha exposición temporal, a presentación dunha nova sección da páxina web ou o lanzamento dun proxecto educativo.

Un bo posicionamento mediático contribúe tanto a difundir as actividades do arquivo como a reforzar a súa imaxe institucional e, ao tempo que favorece o seu recoñecemento por parte da cidadanía, abre as portas a posibles novas colaboracións e alianzas con outras institucións. Esta liña de actuación comunicativa debe ser tratada con especial atención e coidado, pois vai reflectir a imaxe do arquivo a través dunhas canles, os medios, que posúen un peso considerable en canto á veracidade que lles outorgan as súas audiencias.

Polo tanto, a relación cos medios debe entenderse como unha extensión natural da función da difusión arquivística na que é fundamental ter unha actitude responsable e coidadosa, con especial atención á veracidade do que se manifesta neles, con escrupuloso respecto por aqueles datos relativos á privacidade persoal que poden ter algúns documentos, e mantendo na comunicación un ton institucional e profesional en todo momento.

7. Avaliación e seguimento

Toda estratexia de difusión que pretenda ser completa e efectiva debe incluír, como parte esencial do seu deseño básico, un sistema de avaliación que permita medir e interpretar os resultados das accións desenvolvidas, de tal xeito que estas poidan ser melloradas en consecuencia e mesmo se poidan deseñar novas iniciativas que non estaban previstas inicialmente, pero que sexan detectadas como demandadas polos usuarios e visitantes. A práctica arquivística actual, tal como sinalan autores como Roselló (2007), Fierro (2020) ou Novoa Huamán (2020), tende cara a modelos avaliativos integrais que, máis alá da simple medición puntual dos datos, traten de planificar o proceso en base a criterios de sustentabilidade e mellora continua mediante unha análise obxectiva tanto dos datos recollidos como dos resultados obtidos.

Neste sentido, a avaliación non debe resultar un mero trámite final, senón que debe atoparse integrada como unha parte activa do ciclo da xestión cultural, facéndose, lóxicamente, extensible ao proceso de difusión dun arquivo. Está constituída por diferentes fases e ferramentas que abranguen desde a detección de necesidades ata a adaptación das actividades

e accións, pasando polo control de indicadores e a medición dos niveis de interacción, satisfacción e participación dos usuarios.

Este enfoque supón entender a avaliación como un proceso continuo e encadeado, estruturado en catro fases principais:

1. Planificación: definición de obxectivos e selección de indicadores para medir os resultados.
2. Execución e medición: rexistro sistemático da actividade e recollida de datos.
3. Análise avaliativa: interpretación dos resultados e comparación cos obxectivos previstos.
4. Axustes ou mellora: toma de decisións de mellora para a seguinte acción.

A integración deste ciclo na dinámica do arquivo permitirá profesionalizar a xestión da difusión, mellorar a súa sostibilidade e poder xustificar con datos reais o valor do servizo público ofrecido.

No caso do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, cómpre, ademais, que o proceso avaliativo se adapte ás capacidades reais do servizo, é dicir, que sexa un proceso rigoroso pero asumible e sinxelo de artellar, que poida ser aplicado con recursos limitados e que non requira dunha capacitación excesiva do persoal, e sempre coa vista posta na súa función principal, servir como unha ferramenta de mellora continua do programa de difusión (Fierro, 2020).

7.1. Indicadores e ferramentas de avaliación

A avaliación das accións de difusión arquivística vai requirir o uso combinado tanto de indicadores específicos como de ferramentas adaptadas á realidade operativa do arquivo, co fin de obter datos obxectivos sobre o alcance, a eficacia e a calidade das actividades desenvolvidas. A experiencia recollida en proxectos como os descritos por Roselló (2007) ou Novoa Huamán (2020) mostra que unha planificación estratéxica de difusión debe incluír, desde o inicio, os instrumentos necesarios para observar, medir e interpretar os resultados, permitindo tanto a rendición de contas como o establecemento de propostas de mellora naqueles aspectos ou áreas nas que se detecten carencias.

Tipos de indicadores

A avaliación da difusión no ADPL deberá estruturarse arredor de dous grandes tipos de indicadores:

- Indicadores cuantitativos: son aqueles que permiten medir dimensións obxectivas e expresables en cifras:
 - Número de visitas presenciais ao arquivo.

- Número de participantes en actividades (visitas, obradoiros, conferencias, entre outros).
- Número de solicitudes de consulta, asesoramento e reprodución de documentos.
- Cantidade de documentos dixitalizados accesibles en liña.
- Número de visitantes únicos e páxinas vistas na web do arquivo.
- Número de descargas ou accesos aos recursos dixitais publicados.
- Número de seguidores, publicacións, comentarios e interaccións nas redes sociais.
- Frecuencia e periodicidade de actualización de contidos nas plataformas dixitais.
- Participación noutras actividades culturais ou educativas.

Estes datos poden obterse mediante ferramentas como:

- Rexistros internos e follas de control.
 - Formularios de inscrición.
 - Estatísticas automáticas do sistema de xestión documental (AtoM).
 - Métricas dixitais: Google Analytics, redes sociais, contador de tráfico web.
- Indicadores cualitativos: son aqueles mediante os cales se poden analizar aspectos máis complexos, como a percepción do público, a utilidade social percibida ou o impacto cultural das actividades. Estes inclúen:
 - Valoracións recollidas a través de enquisas aos usuarios.
 - Opinións expresadas en redes sociais ou outros espazos de participación cidadá.
 - Avaliación do nivel de comprensión, interese ou implicación das persoas participantes nas actividades presenciais.
 - Repercusión social ou mediática dalgunhas actividades singulares.
 - Grao de axuste dos contidos ao perfil e intereses do público obxectivo.

Esta información pode recollerse a través de:

- Formularios e enquisas abertas ou semiestruturadas.
- Observación directa durante as actividades.
- Rexistro de comentarios e suxestións.
- Análise e recollida de datos de acordo co perfil dos usuarios participantes nos diferentes obradoiros, coloquios e conferencias.

Ambos tipos de indicadores deben ser complementarios, e deben interpretarse sempre no marco dos obxectivos que foron definidos previamente no programa. A súa combinación posibilita obter unha panorámica global: non só saber cantos participan, senón tamén como viven a experiencia, que valoran e para que lles serve.

Ferramentas aplicables no ADPL

Para o caso do Arquivo da Deputación de Lugo, propóñense unha serie de ferramentas que sexan asumibles polo equipo técnico, de baixo custo na súa elaboración e implementación, e que non comprometan o funcionamento habitual do servizo:

- Táboas de seguimento: para recoller e organizar datos mensuais sobre cada acción de difusión.
- Modelos de rexistro específicos por actividade: formatos adaptados que permitan diferenciar tipos de accións, como visitas, eventos, accións dixitais ou outras similares.
- Rexistros básicos de actividades: útiles para rexistrar aspectos cualitativos e cuantitativos das actividades mentres se desenvolven (obradoiros, visitas escolares, entre outros).
- Análise de métricas dixitais: mediante ferramentas gratuítas como Google Analytics, Facebook Insights, Instagram Professional, entre outros.
- Seguimento do uso cultural dos documentos: para rexistrar e coñecer que documentos están a ser máis empregados e difundidos no programa.

Enquisas de satisfacción dos usuarios e participantes

As enquisas de satisfacción constitúen un documento básico para recoller as opinións, percepcións e as valoracións das persoas que participan nas distintas actividades de difusión do arquivo. Trátase dunha ferramenta de medición cualitativa que, ben deseñada e implementada, propicia a obtención de información de primeira man sobre a experiencia e a percepción dos usuarios, detectar aqueles puntos fortes ou mellorables, e incorporar as súas opinións nas futuras planificacións.

No caso do ADPL, a implantación regular das enquisas permitirá avaliar en profundidade o impacto real das actividades, especialmente naquelas nas que se ten un contacto directo coa cidadanía, como visitas guiadas, obradoiros, exposicións e eventos, entre outros. Ademais, tamén reforzará a imaxe do Arquivo como unha institución que é receptiva e atenta á opinión que ten dela o seu público e usuarios.

Deseño das enquisas

Para obter uns resultados fiables, as enquisas teñen que deseñarse coidadosamente. Deben formularse nunha linguaxe clara, sinxela e neutral, fuxindo de nesgos que poidan condicionar as respostas das persoas enquisadas. Ademais, tamén deben ser breves, accesibles e adaptadas á actividade avaliada e ao perfil das persoas participantes. No seu deseño, é importante ter en conta que deben comezar coas preguntas máis sinxelas, aumentando a súa dificultade segundo se avanza no cuestionario e deixando para o final aquelas que sexan máis sensibles ou complexas, coa intención de reducir a taxa de abandono. O número de preguntas

terá que ser razoable en función da información que se quere obter e o usuario ao que está destinada a enquisa. Neste senso, podemos distinguir entre diferentes tipos de enquisas:

- Para visitas escolares: versión adaptada aos docentes (avaliación didáctica, utilidade curricular, entre outros).
- Para obradoiros, coloquios ou charlas: valoración de contidos, dinámicas, duración, utilidade, entre outros.
- Para visitas xerais: percepción xeral, trato recibido, estado e calidade das instalacións, interese dos documentos amosados, entre outros.
- Para actividades virtuais: claridade e accesibilidade da información e o contido, experiencia de uso, entre outros.

Cada enquisa debe conter:

- Preguntas pechadas con escala de valoración (por exemplo, do 1 ao 10).
- Un espazo amplo para comentarios ou posibles suxestións.
- Unha pregunta final do tipo “Recomendaría esta actividade a outras persoas?”

Canles e formatos de aplicación

As enquisas poden realizarse de diferentes maneiras, segundo o tipo de actividade e os medios dispoñibles:

- Presencial en papel ao rematar a actividade.
- En formato dixital mediante formularios en liña (Google Forms, Microsoft Forms), enviados por correo electrónico ou integrados na propia web.
- Cun QR impreso no propio programa de man ou no cartel da actividade.

Tendo en conta o perfil dos usuarios, e priorizando sempre a accesibilidade e a protección de datos, será responsabilidade do persoal do ADPL escoller o formato máis axeitado para cada caso.

Tratamento dos resultados

Os datos recollidos nas enquisas deberán ser:

- Clasificados segundo a actividade e o período.
- Analizados estatisticamente de forma sinxela (medias, porcentaxes, entre outros).
 - Revisados cun enfoque cualitativo (comentarios abertos, reiteracións, propostas, entre outros).

Os resultados poden:

- Incorporarse aos informes da avaliación anual.
- Empregarse para modificar ou mellorar futuras edicións dunha mesma actividade.

- Servir como xustificación ante instancias superiores da Deputación ou para as memorias internas do ADPL.

7.2. Revisión anual do programa e mellora continua

Tal como se sinalou ao comezo desta epígrafe, a avaliación das accións de difusión non debe quedar limitada a unha análise puntual dos datos ou das enquisas de forma illada. É imprescindible que o ADPL integre este procedemento nun marco avaliativo xeral dentro dun proceso de mellora continua, co fin de garantir que o programa de difusión evolucione cara a unha adaptación cada vez máis efectiva das necesidades e demandas da cidadanía.

Na proposta metodolóxica deste programa, sinalase a importancia da realización dunha revisión anual na que se recompila, analice e interprete toda a información recollida durante o ano natural en relación coas accións de difusión desenvolvidas. O informe resultante desta análise, deberá recoller os seguintes puntos como mínimo:

- Resumo do cumprimento dos obxectivos e das accións desenvolvidas.
- Análise dos indicadores cuantitativos, tales como asistencia, consultas, accesos á web e interacción nas redes, entre outros).
- Resumo dos resultados cualitativos, incluíndo os procedentes de enquisas ou as observacións directas.
- Identificación dos logros e das áreas mellorables.
- Recomendacións para o seguinte ano.

Este informe, que sería elaborado polo propio persoal do ADPL, presentaríase ante os órganos directivos da Deputación (Presidencia e Secretaría Xeral) como parte do compromiso coa rendición de contas. Ao mesmo tempo, tamén sería de acceso aberto para a cidadanía, publicándose os resultados e garantindo o libre acceso á información segundo os principios de transparencia das administracións públicas.

Esta revisión anual do programa estará vencellada directamente coa programación das actividades do ano seguinte, de tal xeito que a información extraída da avaliación sirva para axustar ou establecer novos obxectivos e modificar ou eliminar aquelas accións ou actividades que non resultaron acertadas.

8. Conclusión

A orixe deste programa de difusión arquivística atópase na necesidade de confrontar dúas realidades. Unha concreta e específica, a do propio estado do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo no que respecta ás carencias detectadas en materia de difusión cultural, e

outra, de carácter máis xeral e común ás institucións arquivísticas, a percepción que aínda persiste sobre os arquivos como espazos descoñecidos e, ata certo punto, afastados da cidadanía. Este proxecto tivo por obxectivo propor unha solución factible a estas dúas problemáticas no contexto do ADPL.

Ao longo do traballo evidenciouse que, grazas á implementación dun programa de difusión como o aquí formulado, pode actuarse en múltiples planos para conseguir unha transformación positiva da percepción social dos arquivos, ao tempo que se reforza a súa función pública. Se ben o contexto de aplicación é local e específico para o ADPL, o programa pode ser extrapolable a outros arquivos de características similares, como os doutras deputacións e concellos. As actividades deseñadas permiten intervir sobre públicos e áreas diversas a través de distintos niveis de relación co arquivo, polo que o abano de posibilidades e adaptacións é amplo. Neste sentido, a estrutura do programa foi deseñada de forma modular, coa intención de que o seu desenvolvemento non teña por que ser simultáneo nin completo desde o inicio. É dicir, podería executarse de forma escalonada en diferentes fases e en función dos factores idiosincráticos de cada arquivo, como a dispoñibilidade de recursos, o orzamento, a capacitación do persoal ou as necesidades e as prioridades que cada un estableza. Porén, cómpre ter en conta que as accións que requiren dun traballo transversal, como no caso da páxina web ou o proceso de dixitalización, só acadarán a súa máxima eficacia cando se apliquen de maneira conxunta, pois precisan dun marco de execución unificado e coherente para desenvolver todo o seu potencial.

Tal como se ten sinalado ao longo deste proxecto no referente á visibilización e a percepción social dos arquivos, o presente programa posúe a capacidade de intervir, no marco da súa proposta, sobre esta problemática. Aínda que o contexto do ADPL é esencialmente local, o impacto e o alcance das accións formuladas poden ir máis alá da contorna provincial, chegando ao conxunto de Galicia e mesmo ao público doutros ámbitos. Grazas á variedade de accións e actividades formuladas, e ao enfoque adoptado, é posible trasladar a nova imaxe do que representa un arquivo moderno a distintos grupos e sectores sociais, cuxa relación co arquivo pode comprender diferentes niveis de implicación e profundidade, pero sempre baixo o prisma desta nova concepción relacional. Con isto, o que se pretende demostrar é que se pode operar no imaxinario colectivo, mudando as ideas preconcebidas e achegando luz sobre un eido, o arquivístico, que segue a ser amplamente descoñecido para a maioría. Neste sentido, a visibilización da institución resultará claramente potenciada, ampliando o seu radio de acción e presenza social.

Como se pode observar, dentro do conxunto de propostas, destaca de forma especial o apartado dedicado á dixitalización. A súa extensión dentro do proxecto está motivada pola relevancia estratéxica que posúe como acción transversal, xa que fornece e apoia a boa parte das demais iniciativas. A dixitalización documental resulta imprescindible, ao posibilitar que o acceso remoto aos fondos do arquivo teña sentido, pois o seu resultado é a materia prima que os constitúe. O mesmo acontece coa maioría das accións e actividades previstas, como as publicacións nas redes sociais, as exposicións virtuais e outras, que precisan, en última instancia, dunha dispoñibilidade mínima de contidos previamente dixitalizados.

A pesar do nivel de precisión co que se tratou de formular este proxecto, cómpre sinalar a existencia de certos factores condicionantes que poden influír na implementación do programa, tanto no ADPL como noutros arquivos que desexaran replicalo. No caso do ADPL, poden observarse certas vantaxes ou puntos fortes, como a existencia de proxectos de dixitalización xa iniciados dunha parte importante dos fondos ou a súa presenza en Internet a través da web da Deputación. Con todo, tamén son facilmente identificables certas debilidades en áreas como a capacitación do persoal ou a inadecuación dalgunhas instalacións para acoller actividades presenciais, aspectos que, como se propón neste programa, deberán ser abordados para avanzar na súa superación. A estes condicionantes súmase a dificultade derivada da excesiva burocratización, tan habitual nas administracións públicas e que complica calquera iniciativa que se queira desenvolver. Por último, a todos estes factores debe engadirse o xa reiterado descoñecemento xeral dos arquivos por parte da sociedade, que obriga a manter un esforzo constante en materia de formulacións pedagóxicas e accións de sensibilización cidadá.

A inexistencia dun orzamento detallado neste proxecto para a posta en marcha do programa responde á complexidade que implica o seu deseño e elaboración. En primeiro lugar, non é o Arquivo o que ten a responsabilidade de elaboralo nin de aprobalo. Son outras áreas da Deputación, como o Servizo de Contratación ou o Servizo de Intervención os responsables de redactalo, e Presidencia de aprobalo. Ademais, entrarían en xogo factores como se o programa se aplica total ou parcialmente. Se a aplicación fose parcial ou por etapas, podería tramitarse o orzamento mediante a fórmula dos contratos menores, que teñen o seu propio réxime e son menos complexos. Pero, se a aplicación do programa fose integral, sería necesaria unha licitación por contratos maiores, que son moito máis complicados. Por outra banda, a intención deste programa é formular unha proposta de carácter estratéxico e técnico, que abrangue todo o conxunto de posibilidades operativas a desenvolver, e coa intención de que poida ser adaptable a outros arquivos. Por este motivo, evitouse condicionar a proposta a factores de tipo

económico, que deberán ser definidos posteriormente no marco da xestión administrativa da Deputación Provincial ou, no caso doutros arquivos, pola institución ou servizo correspondente.

O sistema de avaliación tamén ocupa un lugar destacado no programa. Establecéronse mecanismos e indicadores que, a través do seu desenvolvemento e análise, permitirán medir a eficacia das accións propostas e orientar a toma de decisións futuras por parte dos responsables. Na actualidade, todo proxecto que implique o uso de recursos económicos (sexan de procedencia pública ou privada) e que desenvolva accións similares ás desta proposta precisa integrar a avaliación como parte fundamental do ciclo de planificación, pois esta práctica garante a viabilidade e a adaptabilidade do programa a longo prazo, ao permitir a detección de posibles desviacións ou carencias mediante a obtención de datos obxectivos. Deste xeito, poderán ser corrixiadas, e as decisións que se adopten ao respecto estarán baseadas na evidencia e non en apreciacións subxectivas.

Entrando agora nun plano máis amplo, e ante a cuestión de se o programa acada os obxectivos teóricos e prácticos propostos neste TFG, a resposta atópase, por unha banda, na ampla perspectiva estratéxica adoptada, que incorpora aspectos normativos, institucionais, técnicos e comunicativos que cobren todo o desenvolvemento requirido para unha difusión arquivística destas características. Por outra banda, o conxunto de accións e actividades propostas cobre practicamente a totalidade dos aspectos e áreas nas que pode intervir un arquivo a través dunha estratexia de difusión coherente e sostible.

Finalmente, e a xeito de reflexión de peche, pódese observar como, nos últimos anos, producíronse importantes avances no eido da difusión cultural. Estes progresos baseáronse no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como vía principal para incrementar extraordinariamente o alcance das distintas accións levadas a cabo no eido cultural, pero tamén nun cambio de mentalidade respecto das formas nas que a cultura debe ser transmitida e compartida. No eido arquivístico, a difusión tamén está a ser profundamente redefinida polas tecnoloxías dixitais, que supoñen un salto cualitativo nesta disciplina, e cuxo impacto e consecuencias aínda son difícil de determinar.

Todos estes cambios transcendentais requiren dunha reflexión continua e profunda sobre as súas implicacións e sobre a idoneidade das súas finalidades. Para abordar estas cuestións, é preciso que os arquivos traballen conxuntamente, que intercambien información e manteñan un diálogo vivo e aberto, construtivo e sincero, que lles permita afondar nestes aspectos e seguir traballando na mellora continua da súa utilidade pública e da súa integración naqueles procesos culturais e democráticos que tan necesarios son para a sociedade actual.

9. Bibliografía

Alberch i Fugueras, R., L. Boix Llonch, N. Navarro i Sastre, e S. Vela Palomares. *Archivos y cultura: Manual de dinamización*. Gijón: Trea, 2001.

Alberch, R. "La importancia y necesidad de la difusión." En *Dossier monográfico: 50 años de creación de ALA*. *Revista del Archivo Nacional de Costa Rica* 87 (2023).

Alberch, R., D. Asprilla Yurgaqui, M. A. Enríquez Ochoa, e M. F. Treviño. "Grupo de Trabajo para la Dinamización Cultural de los Archivos-ALA." *Revista del Archivo Nacional* 87 (2023).

ANABAD. (2020). *Curso Conservación Patrimonio Documental* [Material de curso en liña].

Arias Beltrán, Lina Tatiana. *Los derechos humanos y la archivística: Estrategia de dinamización cultural dentro de las penitenciarías*. Bogotá: Universidad de la Salle, 2015.

Artefactual Systems. (s.f.). *Access to Memory (AtoM)*. Recuperado o 21 de maio de 2025, de <https://www.accesstomemory.org>

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). *Guía para a dixitalización de documentos da Xunta de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2016.

Boadas i Raset, J. "Los Archivos: Estrategias de dinamización." *Biblios*, n.º 10 (2001).

Brinkmann, Hanna, e Natalie Denk. "Exploring Archival Practices Unveiling Cultural Heritage through a Live Escape Room Experience." *DAC: Digital Journal for Arts and Cultural Studies* (2024).

Camús Serra, Mariola. "El valor y la difusión del patrimonio documental en los archivos." Tese de máster, Universidad Complutense de Madrid, 2013.

Cisternas Zamora, Leonardo. "Educación patrimonial en un liceo histórico en Santiago: Experiencias de dinamización cultural en el archivo escolar." *Revista Realidad Educativa* (2023).

DeCeulaerde, Geerd. "Community Engagement Through Cultural Archiving." Artigo presentado na iPRES 2024 International Conference on Digital Preservation, Gante, Bélxica, setembro de 2024. <https://doi.org/10.21428/5676bf2d.49a8d26d>.

Estudio de Técnicas Documentales (ETD). (2022). *Digitalización de documentos de archivo* [Material de curso en liña].

Estudio de Técnicas Documentales (ETD). (2018). *Temario para Auxiliar de Archivo*.

Fierro, Álvaro. "La evaluación y el impacto." En *Cultura y desarrollo rural: Mover montañas*, por Álvaro Fierro, La Ponte-Ecomuséu, e María Sánchez. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte, 2020.

González Cachafeiro, J., ed. *3ª Jornadas Archivando, la difusión de los archivos (2010): Actas de las jornadas, León, 11 y 12 de noviembre de 2010*. León: Fundación Sierra-Pambey, 2010.

Medina Morales, Alberto. "El archivo: De 'almacén' a elemento de dinamización cultural." *Boletín de la ANABAD* 65, n.º 3 (2015): 34–42.

Millán González, José Antonio. "Aspectos culturales de la digitalización de textos." Tese de doutoramento, Universitat de Barcelona, 2014.

Novoa Huamán, María Clara. "La difusión de los archivos históricos nacionales de Latinoamérica en Internet." Tráballo de Fin de Grao, Universidade de Zaragoza, 2020.

Olmo, María del. "Los archivos históricos en el siglo XXI: ¿Hacia una redefinición?". *Métodos de Información* 10, n.º 18 (2019): 69-87. <https://dx.doi.org/10.5557/IIMEI10-N18-069087>.

Prol Castro, Aurelio. "Digitalización y archivos." En *Nuevas tecnologías en bibliotecas y archivos: (Narón, 25-26 de noviembre, 2010)*, coordinado por María de las Nieves Peiró Graner e Viviana Fernández Marcial, 57-87. A Coruña: Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña, 2011.

Ropero-Regidor, Diego. "Dinamización cultural y educativa en los archivos: La experiencia del archivo municipal de Moguer." En *Terceras jornadas técnicas de archiveros onubenses*. Moguer: Arquivo Histórico Municipal de Moguer, 2018.

Roselló Cerezuela, David. *Diseño y evaluación de proyectos culturales: De la idea a la acción*. 4ª ed. Barcelona: Editorial Ariel, 2007.

Roselló Cerezuela, David. "La evaluación de proyectos y procesos culturales." *Periférica: Revista para el análisis de la cultura y el territorio* 19 (2018): 179-95. <https://doi.org/10.25267/Periferica.2018.i19.18>.

Sánchez Muñoz, Carlos, e María Del Pilar Fernández Gallego. "La digitalización de Archivos Históricos Provinciales." *Boletín ANABAD* 71, n.º 3 (2021): 70-85.

Sayão, Luis Fernando. "Digitization of cultural collections: reuse, curation and preservation." Artigo de conferencia. Publicado en xaneiro de 2016. <https://www.researchgate.net/publication/333176377>.

Vechinho, Ana, e Pedro Almeida. "The Legacy of Collective Memory in Digital Culture: Digitisation, Cultural Mapping and Co-Creation." *Comunicação e sociedade* 43 (2023). [https://doi.org/10.17231/comsoc.43\(2023\).4344](https://doi.org/10.17231/comsoc.43(2023).4344).

World Wide Web Consortium. (2018, 5 de xuño). *Web Content Accessibility Guidelines (WCAG) 2.1*. <https://www.w3.org/TR/WCAG21/>

World Wide Web Consortium. (s.f.). *Web 3.0 and Semantic Web*. Recuperado o 21 de maio de 2025, de <https://www.w3.org/2001/sw/>

Zamora Caro, Juan Antonio. "Dinamización cultural: La experiencia del archivo municipal de Palma del Río." *Arcontes: Cuadernos del Archivo de la Diputación de Córdoba* (2009).

Normativa e Estándares

Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Web Content Accessibility Guidelines (WCAG) 2.1. World Wide Web Consortium, 5 de xuño de 2018.

Anexo

1. Exemplo dun deseño de páxina web



2. Exemplo de publicación en Instagram



Texto completo da publicación

Sabías que a pintora e artista surrealista Maruja Mallo, nacida en Viveiro, recibiu unha bolsa da Deputación Provincial de Lugo para ampliar os seus estudos artísticos en Madrid nos anos 20? No Arquivo conservamos documentos únicos dela, como os expedientes das axudas económicas que lle permitiron dar os seus primeiros pasos como artista, así como bosquexos, cartas manuscritas e expedientes formativos que revelan detalles fascinantes sobre a súa vida e obra. Achegádevos a descubrir máis sobre esta figura imprescindible da arte galega e internacional a través do noso patrimonio documental!

#MarujaMallo #ArquivoDeputacionLugo
#MulleresNaHistoria #ArteGalega

Exemplo de publicación en Facebook

The screenshot shows a Facebook post from the page 'Arquivo Deputación Provincial de Lugo'. The post is titled 'A Escola Náutica e de Comercio de Ribadeo: navegando na historia'. The text describes the school's historical significance in Galicia during the 19th century, mentioning its founding documents (1844-1882), historical photographs, and academic records. It highlights the school's role in maritime and economic history and its impact on the region. The post includes several hashtags: #EscolaNáuticaRibadeo, #HistoriaLocal, #PatrimonioDocumental, and #ArquivoDeputacionLugo. Below the text is a black and white photograph of a group of men in 19th-century attire, likely the school's faculty or students. The post has received 11.9K likes, 2.3K comments, and 817 shares. The Facebook interface elements, including the navigation bar at the bottom, are visible.

Arquivo Deputación Provincial de Lugo

Ayer a las 12:55am · 🌐

A Escola Náutica e de Comercio de Ribadeo: navegando na historia
Pouca xente sabe que Ribadeo tivo unha das escolas náuticas e comerciais máis importantes na Galicia do século XIX. No Arquivo da Deputación Provincial de Lugo conservamos documentos valiosísimos como as actas fundacionais da Escola Náutica e de Comercio de Ribadeo (1844-1882), fotografías históricas, expedientes académicos de alumnos e profesores, entre outros, que permiten comprender mellor a relevancia desta institución educativa para a comarca e o seu impacto na historia marítima e económica galega. Descubre connosco este legado documental e coñece a importancia histórica dun centro que formou xeracións de navegantes e comerciantes.
#EscolaNáuticaRibadeo #HistoriaLocal #PatrimonioDocumental #ArquivoDeputacionLugo

11.9K 2.3K comentarios 817 compartidos

Like Comentario Enviar Compartir

Inicio Video Amigos Marketplace Notificacións Menú

3. Especificacións técnicas para o espazo expositivo do ADPL

Control ambiental

Na sala expositiva é preciso ter unhas condicións ambientais ben controladas, onde a temperatura e a humidade se manteñan estables, pois as oscilacións poden danar os documentos. Por iso, é preciso que se cumpra coas seguintes características:

- Temperatura: a temperatura debe manterse constante nun intervalo entre os 18 °C e os 21 °C.
- Humidade relativa (HR): o intervalo óptimo sitúase entre o 45 % e o 55 %.
 - Con niveis superiores ao 65 % pode darse a proliferación de mofo e fungos.
 - Por debaixo do 40 %, o papel tende a endurecerse e volverse quebradizo.
 - A variación diaria non debe superar o ± 5 %.
- Control: sistemas de climatización e termohigrómetros en constante funcionamento.

Iluminación

A exposición á luz supón un risco para a estabilidade dos documentos, pois o dano fotoquímico producido é acumulativo e ademais irreversible.

- Nivel de iluminación: nos casos de manuscritos, acuarelas, fotografías ou pergameos, o nivel máximo non debe superar os 50 lux.
- Radiación ultravioleta (UV): deben empregarse lámpadas LED especiais para museos (sen emisión de UV nin calor) e a instalación de filtros en todas as fontes de luz natural ou artificial non LED.
- Durante a exposición: xa que o deterioro depende tamén do tempo de exposición das pezas, é moi recomendable empregar iluminación con sensor de presenza, de xeito que os documentos só se iluminen en presenza dos visitantes.

Módulos expositivos e vitrinas

As vitrinas serán a principal barreira física de protección dos documentos, polo que deben estar construídas cos materiais axeitados para garantir a conservación óptima dos documentos.

- Materiais estruturais: é imprescindible empregar materiais inertes e libres de emisións nocivas (COV). Non é recomendable en ningún caso o uso de madeiras non tratadas como o carballo ou o piñeiro, nin tampouco empregar adhesivos con disolventes ou vernices convencionais.
 - Os materiais recomendados son: metal recuberto en po, vidro laminado con filtro UV, e madeiras tratadas con vernices de conservación.

- Estanqueidade: as vitrinas deben dispor dun bo sistema de selado que permita manter un microclima interno estable e illado do exterior. Poden introducirse no interior das vitrinas bolsiñas de xel de sílice para o control da HR.
- Soportes e materiais auxiliares: aqueles elementos en contacto directo cos documentos deben estar elaborados con materiais de calidade, de PH neutro e sen lignina, como o papel baritado ou cartóns especiais para conservación.

Seguridade física e loxística

O espazo expositivo debe contar cunha infraestrutura de protección fronte a riscos físicos, como actos de vandalismo, roubos e outras continxencias.

- Control de acceso: o acceso ao espazo expositivo deberá estar restrinxido fóra do horario público, mediante sistemas de peche de calidade. As vitrinas tamén deberán contar con pechaduras de seguridade.
- Vixilancia e control: debe instalarse un sistema de videovixilancia que cubra todo o espazo e un sistema de alarma conectado coas forzas de seguridade.
- Prevención de incendios: o espazo deberá contar con detectores de fume e extintores situados en puntos estratéxicos e accesibles, pero afastados das vitrinas. Deben escollerse extintores de CO₂ ou de auga nebulizada, xa que os de po químico resultan moi nocivos para os materiais documentais.

Táboa resumo de condicións expositivas

Parámetro	Estándar Recomendado	Notas de Implementación no ADPL
Temperatura	18 °C - 21 °C (estable)	Requírese de un sistema de climatización independente para a sala expositiva.
Humidade Relativa	45% - 55% (estable)	Imprescindible a monitorización continua con termohigrómetros dixitais.
Iluminación (Lux)	Máximo 50 lux	Usar exclusivamente iluminación LED específica para museos.
Radiación UV	< 75 µW/lm	Instalar filtros UV nas luces non LED e en calquera fiestra. O vidro das vitrinas debe ter tamén un filtro UV.

Materiais da Vitrina	Metais inertes, vidro laminado. Non se aconsella metacrilato polos reflexos.	Evitar madeiras non tratadas e adhesivos non apropiados. Priorizar sempre a seguridade e a estanqueidade.
Seguridade	Control de acceso, vídeo vixilancia, alarma, pechaduras de seguridade nas vitrinas.	Integrar no sistema de seguridade xeral da Deputación.
Protección Lume	Detectores de fume e extintores axeitados (CO ₂ ou auga nebulizada).	Planificar a localización dos extintores para un acceso rápido e seguro.

4. Comparativa dos procesos de dixitalización no Arquivo da Deputación Provincial de Lugo

	Proceso de Dixitalización Externa	Proceso de Dixitalización Interna
Responsable da execución	Empresas externas especializadas, contratadas mediante concurso público.	Persoal propio do ADPL.
Alcance e Volume	Masivo. Dixitalización de grandes volumes e series documentais completas (Actas, Boletíns Oficiais).	Selectivo. Dixitalización de documentos singulares ou pequenas unidades documentais escollidas.
Financiamento	Orzamentos dependentes de subvencións externas (Xunta) ou iniciativas da propia Deputación.	Recursos e medios técnicos propios do Arquivo.
Obxectivo Estratéxico	Crear repositorios dixitais completos para a consulta pública e cumprir con proxectos colaborativos externos (ex. Galiciana).	Servir como ferramenta directa e planificada para as accións de difusión cultural do Arquivo.
Planificación	Ríxida. Planificación a longo prazo e con pouca marxe de adaptación por parte do persoal do Arquivo.	Moi flexible. Permite adaptar a dixitalización aos obxectos concretos e inmediatos da difusión.
Tipo de vencellamento coa difusión	Indirecta e a longo prazo. Xera un fondo dixital para servir a documentación á propia administración, pero non está pensada para fornecer as campañas de difusión.	Directa e Inmediata. É a fonte principal para crear contidos específicos para redes sociais, exposicións e outros materiais divulgativos.


<p>Exemplos</p>	<p>Boletíns Oficiais da Provincia (BOP) Actas do Pleno da Deputación Nóminas funcionarios Expedientes administrativos Libros de rexistro de entrada e saída de documentos Nóminas do persoal da Deputación Expedientes de contratación administrativa (obras, servizos, subministracións) Expedientes de subvencións tramitadas pola Deputación Libros de contabilidade e orzamentos xerais Expedientes de sesións das comisións informativas e órganos colexiados Correspondencia oficial (entrada e saída) de longa duración Series completas de padróns ou censos electorais</p>	<p>Fotografías históricas da provincia e das institucións provinciais Cartas ou manuscritos singulares de valor histórico Planos de edificios históricos vencellados á Deputación Programas de festas, carteis e folletos antigos de actividades culturais Documentación da beneficencia ou centros asistenciais provinciais Documentos relacionados coa memoria democrática (ex. expedientes de depuración, documentos Guerra de Cuba, Guerra Civil, entre outros) Libros ou publicacións editadas pola Deputación esgotadas ou non reeditadas Documentación de carácter conmemorativo ou especial significado (medallas, nomeamentos, actas de homenaxe, entre outros) Inventarios históricos de bens mobles ou inmobles da Deputación Correspondencia ou escritos persoais de figuras destacadas do ámbito provincial</p>
------------------------	--	---

5. Exemplos de documentos senlleiros dixitalizados para a difusión


Un exemplo senlleiro de documentación que podería ser dixitalizado para a súa publicación nas redes son os documentos e obxectos da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, popularmente coñecida como Casa Cuna. Esta documentación dixitalizada sería un bo material para xerar contido en datas como o Día Internacional da Muller, o Día Internacional da Infancia, o día que se fundou a Casa Cuna ou tamén para momentos estratéxicos do calendario do ADPL como a Semana Internacional dos Arquivos, anuncios de exposicións, charlas e coloquios que versen sobre o tema ou mesmo sobre publicacións cuxo ffo narrativo sexa a memoria social.



Reglamento do Centro Benéfico de San José (1946) ADPL sig3780.1




Expediente subvención gota de leite ADPL sig1743.77



Vila López, Alfredo (1944) Mobiliario metálico pavillón de nenos [plano] ADPL sig2513.2



Escapulario, medalla e figa (1907) ADPL
sig1154.16



Carta dunha nai. Expediente 14. ADPL
sig sig1154.28



Nenos da Casa Cuna xogando (1952) ADPL (s.d) sig6905.21